ANTONIO LÓPEZ FERREIRO

ESCOLMA DE PROSA GALEGA

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

A CRUÑA
1978

EMIA
ÑA
6

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA
30655
30386
Biblioteca

CUBERTA:

Antonio López Ferreiro (Debuxo de Luis Quintas Goyanes.)

R. 1555

ANTONIO LÓPEZ FERREIRO

ESCOLMA DE PROSA GALEGA

AO COIDADO

DE

R. CARBALLO CALERO

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT EXPURGAT INNOVAT
Biblioteca

REAL ACADEMIA GALEGA
COLLIGIT, EXPURGAT, INNOVAT

PUBLICACIÓNS DA REAL ACADEMIA GALEGA

A CRUÑA
1978

Depósito Legal: C - 261 - 1978

Imp. MORET - M. de Amboage, 16 - La Coruña. 1978



M. I. Sr. D. ANTONIO LÓPEZ FERREIRO

(* 1837 - † 1910)



INTRODUCCION

INTRODUCCION

No presente ano celebramos como figura epónima das Letras Galegas a don Antonio López Ferreiro.

É sabido que a designación pola Academia do escritor que debe ser conmemorado, se fai tendo en conta exclusivamente a aportación do mesmo á literatura en lingua do país. Dos mestres do século XIX —xa celebramos en sucesivos días das Letras Galegas Rosalía, Pondal, Añón, Curros, Valladares e Lamas—, ficaba don Antonio López Ferreiro, prosista de tanta importancia na súa época, que só Valladares pode competir con el.

Non é, pois, tarefa da Academia no día presente, salientar os mértios que como historiador, arqueólogo. teólogo ou canonista pode ostentar López Ferreiro. Nunha compendiosa táboa biobibliográfica que vai a continuación, cabe ao leitor interesato achar referencia ás principáis obras escritas por aquel autor. Mais aquí non pretendemos outra cousa que situar no correspondente marco a súa obra literaria.

Ésta redúcese ao xénero novelístico histórico.

Aínda que razóns de método xustifiquen o estudo da novela galega independentemente da escrita en castelán, é un feito que a literatura en Galicia nos tempos de López Ferreiro era bilingüe, como hoxe mesmo o é. Non somente no sentido de que os autores nados ou avecindados en Galicia escrebían e escreben frecuentemente en castelán. e non exclusivamente, por vía de regra. en galego, senón no sentido de que a novela de temática galega, calquera que sexa a orixe ou residencia dos autores, se escrebe tamén frecuentemente en castelán. Así, unha historia da novela galega que se centre sobre a escrita en galego, mais que pretenda explicar ésta con referencia ao ambiente social e aos estímulos literarios efectivamente actuantes, ha ter en conta, xiquera como puntos cardináis de orientación, o labor que se facía en castelán polos galegos, ou mesmo o realizado sobre asuntos

galegos por novelistas de calquer procedencia. Algúns deles, por suposto, foron novelistas bilingües. Don Marcial Valladares escrebéu Majina *en galego, pero* Asela *e* Los expósitos *en castelán. E ésta foi práctica que se vai observar mesmo nos escritores do grupo «Nós». Á beira de* O porco de pe *está* La puerta de paja; *a carón de* Arredor de sí, La vocación de Adrián Silva. *En fin, Cunqueiro, non menos que de* Merlín e familia, As historias do Sochantre *e* Si o vello Sinbad volvese ás illas...; *é o autor de* Las mocedades de Ulises, Un hombre que se parecía a Orestes *e* El año del cometa, *para citar tres por tres.*

A novela cultivada por don Antonio López Ferreiro é a novela histórica de tipo romántico. O grande modelo da mesma é Walter Scott. Existen outros tipos de novela histórica romántica, por exemplo a novela de Dumas, que en España tivo un cultivador infatigábel na persoa de don Manuel Fernández y González. Mais a novela de Dumas é liberal e libertina, ou tende a selo; mentras que a de Scott é conservadora e comedida. Isto non lle impede ser popular, e mesmo asobardar simpatía pola xente miuda, como Lukács ten xustamente suliñado; e nisto López Ferreiro comulga co mestre con absoluta espontaneidade. A corrente que segue, é, pois, a representada en España por Gil Carrasco e Navarro Villoslada; corrente máis fluida, transparente e mansa que a dos truculentos, arbitrarios e desordenados novelistas histórico-folletinescos do tipo de Ortega y Frías. Éstes fan unha novela histórica de aventuras. Aquéles intentan unha reconstrucción máis culta do pasado local: por iso foron chamados novelistas «rexionalistas».

En Galicia non faltaron cultivadores da novela histórica entre os escritores que empregaban o castelán. Co «provincialismo» ou «rexionalismo» vixentes nas épocas romántica e posromántica, que son serodias en Galicia e se han prolongar anacrónicamente, xurde o gosto pola novela romántica de asunto local e tradicional. O autor galego que había atinxir máis popularidate neste xénero, había ser Benito Vicetto, con El caballero de la Cruz Verde (1844), Los hidalgos de Monforte (1851), Rojín Rojal (1855) *e outras historias novelescas ou novelas históricas, como* Los reyes suevos de Galicia (1860) *e* El lago de la Limia (1861). *En* 1848 *publica Antonio Neira de Mosquera,* La marquesa de Camba y Rodeiro. *Fecundísimo autor de novelas por entregas, moitas delas máis ou menos históricas, foi o cruñés Antonio de San Martín* (1841-1887), *de quen Couceiro cita cuarenta e oito títulos, ningún dos cuais contén referencias a Galicia. Endebén, entre as súas novelas, que se di superaron o número de duascentas cincuenta,*

non falta algunha ambientada no medioevo galego, como El campo de la mala Susana, *santiaguesa do século XV. De tema compostelán é tamén o* Monroy (1879), *de Bernardo Barreiro de Vázquez Varela. O proprio Murguía escrebéu na súa mocedade un* Don Diego Gelmírez (1859), *novela que, naturalmente, non se debe confundir co «ensayo crítico-biográfico» do mesmo título* (1898), *e coa que aparece en emulación perante a Navarro Villoslada, autor de* Doña Urraca de Castilla, *dez anos anterior e de análogo asunto.*

As tres noveliñas de López Ferreiro, A tecedeira de Bonaval (1894), O castelo de Pambre (1895) *e* O niño de pombas (1905), *insértanse neste conxunto; mais son, pola súa concepción, notábelmente serodias. Por entón xa a novela histórica en España abandonara os principios do romantismo, e os* Episodios nacionales *de Galdós, dos que poden ser considerados antecedentes polos seus asuntos as novelas de Patxot y Ferrer, inauguran a novela histórica realista. En vida de don Antonio publícase* Paz en la guerra, *de Unamuno* (1897) *e* La guerra carlista, *de Valle-Inclán* (1908-1909).

Mais López Ferreiro, afervoado amante da tradición, manténse na liña scottiana, que era a que conviña ao seu sentido de historiador e arqueólogo cristiano. Por unha banda, é evidente que as súas novelas son recreacións arqueeolóxicas, e a pura arqueoloxía campa en moitas páxinas das narracións do coengo compostelán. Mais non diría eu que as novelas de López Ferreiro pertezan ao tipo de novela histórica «de profesor», a novela histórica fundamentalmente didáctica, como poden selo o Télémaque *ou a* Fabíola. *Sinte do atractivo da lingua fortemente dialectal, as novelas de López Ferreiro, con todo o anacronismo da súa técnica, con toda a inxeleza da súa psicoloxía, non son novelas puramente informativas, malia a abondancia de descripcións arqueolóxicas. O autor traza cadros e escenas, refire incidencias e retrata personaxes cunha intención a todas luces literaria, a todas luces artística. As informacións sobre mosteiros e igrexas que bulen nas súas páxinas, son na maior parte dos casos incrustacións instructivas, vacacións do novelista durante as cuais o arqueólogo o sustitúi no seu traballo. Mais o esencial é a ficción. López Ferreiro quer ante todo contarnos unha amena historia.*

A prosa galega fora moi pouco ensaiada cando se publica A tecedeira de Bonaval. *Novela completa propriamente dita, só existía con anterioridade a* Majina *de Valladares. Ésta, impresa en* 1880, *é tamén anacrónica. Non se trata dunha novela histórica, senón dunha novela de asunto contemporáneo, de tipo folletín ou folletón. Do mundo de*

Scott paamos ao mundo de Eugène Suë, ou Frédéric Soulié. É decir, que estamos dentro do romantismo ou o posromantismo tamén neste caso, dentro da novela por entregas ao xeito de Enrique Pérez Escrich ou Julio Nombela, a novela do tipo do Flavio *ou* La hija del mar *de Rosalía ou o* Grandal *de Francisco Suárez, ou de moitas novelas tamén de Vicetto e San Martín, para referirnos a autores galegos. Mais en* 1880 *xa se publicaran as novelas con que Fernán Caballero anuncia o realismo, xa se publicara* Pepita Jiménez, *xa se publicara* El sombrero de tres picos, *e o realismo triunfaba con Pereda e Galdós.*

Fora disto, apenas había prosa galega. Fora de Valladares, López Ferreiro apenas contaba con precedentes. A publicación das novelas de Rodríguez López e Xan de Masma consúmase despois de publicada A tecedeira de Bonaval.

Pero se o galego de Majina *é fino e ricaz de léxico, xa sabemos qué prexuicios sintácticos coutaban a prosa de don Marcial, para quen aduro había xiro galego verdadeiramente típico que non lle parecera vulgar, pois o seu padrón de sintaxe era o castelán, por moi extraño que resulte. Don Antonio non cai neste erro; mesmo extrema o enxebrismo e o ruralismo na sintaxe, e como coñecía moi ben a vigorosa lingua popular e asemade o galego histórico, a súa prosa galega resulta a máis chea de sabor de todo o século XIX.*

Para esta antoloxía seleccionamos dez textos.

O primeiro é unha advertencia ao leitor, na que o autor xustifica a ortografía que emprega, e trata outros puntos de interés en verbo da lingua galega.

A continuación publicamos tres capítulos de cada unha das tres noveliñas de López Ferreiro: o primeiro e o derradeiro, escollidos para que o leitor coñeza cómo o autor enceta e cómo desenlaza as súas historias, e un capítulo do interior da obra, escollido polo seu sustantivo interés: unha leira de xente miuda na cociña, e desempeño dunha espiñosísima xestión diplomática, unha descripción dos problemas dun noivado de artesáns.

Reproducimos o texto da edición de «Bibliófilos Gallegos», Novelas de López Ferreiro, *Santiago,* 1953.

R. CARBALLO CALERO

ANTONIO LÓPEZ FERREIRO

TÁBOA CRONOLÓXICA BIOBIBLIOGRÁFICA

TABOA CRONOLOXICA BIOBIBLIOGRAFICA

1837. Nace en Santiago o 9 de novembro.
1862. Ordénase de presbítero.
1863. Doutórase en Teoloxía.
1866. Sacristán maior da Igrexa de San Antonio dos Alemáns, en Madrid. Cura de Santa Eulalia de Vedra.
1871. *El matrimonio civil en sus relaciones con la religión, la moral y la libertad.*
O cardeal arcebispo García Cuesta noméao coengo da Basílica compostelana.
1877. *El altar de Santiago. Sus vicisitudes y transformaciones, desde los tiempos primitivos hasta nuestros días.*
1878. *Entretenimientos críticos sobre la traslación del cuerpo de Santiago a España.*
Estudios histórico-críticos sobre el priscilianismo.
1880. *Leyenda sobre la vida de San Pedro de Mezonzo.*
1883. *Las tradiciones populares acerca del sepulcro del Apóstol Santiago.*
Galicia en el último tercio del siglo XV.
1884. *Don Rodrigo de Luna.*
1885. *Don Alfonso VII, rey de Galicia, y su ayo el Conde de Traba.*
Monumentos antiguos de la Iglesia Compostelana.
1886. *El pórtico de la Gloria.*
1889. *Arqueología Sagrada.*
1894. *A tecedeira de Bonaval.*
1895. *Fueros municipales de Santiago y su tierra.*
O castelo de Pambre.
1898. Comeza a publicación da *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela.*

1901. Funda a revista «Galicia Histórica».
1905. *O niño de pombas.*
1907. *Biografía de San Rosendo.*
1910. Morre en Vilanova, concello de Vedra, o 20 de marzo.
1911. Publícase o tomo XI e derradeiro da *Historia da Iglesia de Santiago.*

ESCOLMA

UN AVISO AO BONDOSO LEUTOR

UN AVISO AO BONDOSO LEUTOR

Por si che pega a ventoleira, leutor amabre, de recorrel-os catro borranchos estampados nestas brancas follas, no-me leves á mal que eu d'antemán che diga algunhas poucas parolas acerca do caletre desta pequena obriña. Ben sey que, ao soilo vel-a machiscarás e darás á a cabeza; e sóbrache razón, poisque tal é o milagre das do seu pelo, que non merescen outra cousa; que calquera home de seso, ao caerlle entr'as maos unha obra de tal caste, ten moito de que escamarse.

Non pretendo eu que a miña seya millor, nin siquera tan boa, com'as suas compañeiras. ¿Qué xuncras ha de valer unha obra feita sin pran, sin concerto, sin a necesaria sabencia, escanaveirada e que se cay á pedazos? O único título que poida teer esta zaragallada para a tua benévola acollença é que ti, leutor humano, queiras folleal-a por consideración ao autor, que é un vello cansado, que, para tranquilar as inquietudes e as acias do esprito, púxose á estribillar ca pruma engaduxando unhos cantos párrafos na nosa dooce fala galega. Alomenos, algo che debe mover a circustancia de que hachase bálsamo pra as suas fridas, nos recordos, na estórea, nas cousas da patria quirida, espricadas cas mismas frases e cos mismos vocables con que alá noutro tempo nosos abóos parolaban e se entendían.

E, neste particular, non che digo máis. Agora perdóname si ainda che deteño outro pouco para decrararche as razoos que tiven pra adoutar a ortografía que notarás neste escrito.

Un dos distintivos máis propios da fala galega, é que na composición das palabras, mormentres na fala familiar, manden as vocales sobre as consonantes. Ningún outro dioma, sacando o grego, abunda tanto en vocales como o noso. Temos tritongos e ditongos a barullo, e vocales largas ou dobres, ou compostas, ademáis das comuus ou

breves, quer abertas, quer cerradas (1). Na trascrición dos tritongos e dos ditongos pouca dificultá pode haber; porque, espresando as vocales de que se compoñen, xa estamos fora do paso. O conto é cas vocales largas ou dobres. Si tiveramos, como os gregos, sinos distintos pra espresar as vocales largas ou breves, entonces xa non había costión; pero como tales sinos ¡quénol-os dera! hay que acudir á outros medios. Os medios hastra agora empregados pra o caso, redúcense á dous; ou repetir a vocal breve cando ten o valor de larga, ou marcala con un acento ou cousa semellante. A min paréceme preferible o primeiro medio, porque o acento sol facer máis cortados e irtos os sonidos, e, por consiguinte, failles perder aquela pastosidá e aquela moleza que está tan ben na nosa fala. Este, por outra parte, é o recurso que empregaron os nosos vellos, como se pode ver pol-as escrituras antigas.

Ainda n-alguns ditongos tropézase ca mesma dificultá. Tal é o ditongo que resulta da xuntanza da perposición *a* co artícolo *a, o* (la, el). Agora douse en escrebir este ditongo *ao* estilo dos Purtuxeses. Non me meto cos Purtuxeses, porque eles terán a suas razoos para obrar así; mais, ao meu pouco entender, este modo de trascribir o tal ditongo, sí que mete moita confusión e destroi a sintaxis, deixando no tinteiro partes tan prencipaes na oración como son as perposiciós. O caso é qu'os mismos Purtuxeses, cando se trata do ditongo que forma a perposición *a* co artícolo masculino *o* (él), entonces déixanse de acentos e estampan as duas vocales *ao* unha tras d'outra. Eu, que son tradicionalista hastr'os miolos, atéñome tamén nesto ao que nos insinaron os nosos abóos.

A trascrición do sonido tan carauterístico do dioma galego que equivale ao da *g* francesa siguida de *e*, ou de *i*, fíxome cavilar non pouco. Nun prencipio pareceume que debía aterme á as regras que tan sabeamente sentou o Sr. D. Marcial Valladares no seu Dicionario galego; e os argumentos que me movían a opinar así, ao meu xuicio, non eran froxos. É verdá que alguns prifiren a letra *x* pra a representación do dito sonido, fundados en que esto facelita moito a comprensión e escritura do Galego. Esto é indudabre, mais ¿é o bastante pra

(1) Ainda o dioma purtuxés, que é noso hirmán, ou, por mellor dicir, noso fillo algo olvidadizo, non pode competir con nós neste punto. Así por enxemplo, eles dicen Bento (Benito) e nós Bieito; eles fento (helecho) e nós fieito, etc.

Non se me esquence que n'algunas comarcas de Galicia dicen fento (helecho) ao que en outras se chama fieito, mais aquí non habemos de ir tomando nota das diversas formas que poidan usarse en cada país, sinon do que é máis usual e correuto en toda a rexión galega.

resolver a costión? ¿non é de sumo interés o conservarlle a cada palabra a sua propia forma e filausia, e a forza nativa e íntima do seu sinificado? O certo é que a ningún pobo culto lle deu, que eu saiba, por romper na escritura da propia fala cos antecedentes etimolóxicos. E si consultamos a ortografía que siguiron os nosos antigos, nos seus escritos, tamén temos o mismo.

Pero (e este é un triste pero) ¿hay esperanza de que a nosa faliña seya algunha vez estudiada e cultivada con todo aquel aparato de nocións filolóxicas, etimolóxicas e gramaticaes que hoxe se estila? Paréceme moito pidir; e non lle votemos toda a culpa á os estraños, pois os da casa podíamos facer algo máis. Pol-o cual dicidime ao fin á adoutar a *x*. E esta letra ten pol-o menos á seu favor a autoridá do noso insine e malogrado mayestro Saco e Arce.

D'outra particularidá do noso dioma debo enxergar unhas cantas palabras. De tal modo conserva a nosa faliña a vertú qu'os filólogos chaman *aglutinante,* que moitas diciós para poder millor, como si dixéramos, encolarse cas que lle siguen, ou cas que van rixidas delas, perden ou cambéan a letra ou letras derradeiras. Nótase esto especialmente nas perposicions *en* e *con;* a pirmeira, para quedar mais solta e libre para xuntarse co artícolo que dela vay rixido, íspese da *e* do prencipio; e a segunda, pra o mesmo fin, despréndese da *o* e da *n.* Asemesmo, a *r* con que rematan os infinitivos, cambéase en *l,* que é consonante líqueda máis mol, cando ten que xuntarse cos pronombres personales de terceira persona; e a *s* final dos pronombres de plural da primeira persona, cambéase tamén en *l,* cando detrás de pronombre vay enseguida o artícolo correspondente; por enxemplo: *nol-os galegos* por *nos os galegos.*

Pra indicar esta propiedá do galego, e ao mesmo tempo pra evitar a oscuridá e a confusión, meto, como xa fan moitos, entre as palabras encoladas ou aglutinadas, ora o guión, ora o apóstrofo. Por eso, estos sinos conomízoos canto máis podo, para non darlle á a escritura a traza de un papel de múseca.

Ben sei que n-algunhas cousas destas apártome da Ortografía hoxe xeneralmente siguida no escribir o galego; pero como estamos no período costituente, falemos com-os políticos, creyo que cada ún pode espoñer franca e lealmente as suas opinions. Pero, pol-a miña parte, protesto que estou prestes a adoutar e siguir ao pe da letra as regras que d'algún modo oficial se poñan e establezan.

Agora fáltame dicir algo sobre o acento, ou seya o tono e infleusión da voz conque falamos os galegos. Moito se nos apopea e desprecia

aos galegos, pol-o noso acento, sin facérense de cargo os que nos critican, que tamén eles neste punto teñen bastante que rascar. É certo co noso acento (e agora non falo dos defeutos na pernunciación) é algo froxo, e, si se quer, arrastrado, e que, pol-o consiguente, forma un vivo contraste co dos castellanos, que é seco e súpeto como un estalo (1); pero non ten as afeutacions e os finxementos dos d'outros sitios. Recórdese á propósito desto, o que dice Cervantes da *Gitanilla*, que falaba ceceoso, non porque esto nas xitanas fose naturaleza, pois era artificio. Pero como n-os Madriles, que é a corte, se dá a pauta pra o gusto, e aló impera o artificio e non o que é naturaleza, de aquí é que fagan bulra e mofa do acento galego, e, en cambio, dean as laudes e poñan nas nubes á outros máis viciosos e defeutuosos.

Non é de estrañar, pol-o tanto, que o noso dioma, aquel dioma a quen en outro tempo tanto respetaron e apreciaron D. Alfonso o Sabio, o Arcebispo de Toledo D. Gonzalo de Palomeque, o Marqués de Santillana, e outros insines literatos, teña que retirarse agora avergonzado, e esconderse, e, á portas cerradas, para que naide o vexa, atender á as suas cousas. E sin embargo, desta fala tan aldraxada, hoxe vense craros refrexos n-aquela obra inmortal que é o representante máis xenuino e lexítimo da literatura española.

Tarde piache, así espresamente decía Sancho Panza, cando os paveros aqueles da insua Barataria o importunaban para que non-os deixase. E o famoso D. Quixote, n-aquela improvisada Arcadia con que topou, indo pra Barcelona, ao dar as gracias pol-os ousequios que lle fixeran, dixo, como os nosos labregos, que de desagradecidos estaba o inferno cheo (2). E o mesmo Gobernador da Barataria, n'outra ocasión, contestándolle ao amo nas refleusions que estaba facendo, despois de reconocer unhas imaxees de santos á cabalo, como si quixera arromedar aos nosos paisanos —*Dios lo oiga*— dixo moito —*y el pecado sea sordo* (3).

Secos como arestas (aristas) tiña os ollos a Condesa Trifaldi; e D. Quixote *matou*, que non apagou, as duas velas que lle puxeran no castillo do Duque, pra que se ispise e deitase a noite que a bromista Altisidora lle dou a serenata. *Non se lle cocía o pan no corpo* á a Duquesa hastra que leyeu a carta de Teresa Panza; e D. Quixote n-aqueles tan bóos consellos que lle dou a Sancho pra gobernar a

(1) Deles xa dixo o autor do Poema d'Almería *Illorum lingua resonat quasi timpano tuba.*
(2) De los desagradecidos está el infierno lleno.
(3) En boa hora sea dito, e o deño sea xordo.

insua, encargoulle moito que non arrotase (eructase); que non quixo valerse da palabra *regoldar*, porque este é un dos vocablos máis feyos que ten a léngoa castellana.

Esta lista ben-a podíamos alargar moito máis; pero acabarei con aquel, *Eu ben sey-o que me compre* (*Yo bien sé lo que me cumple*) con que D. Quixote lle tapou a boca á ama e a sobriña, pouco antes de caer enfermo da sua últema enfermedá.

Alguns outros puntos podía tocar aquí; mais esto xa se vay facendo moi pesado, e así, ca paz de Dios despídome de ti, leutor amabre.

O NIÑO DE POMBAS

EN DONSIÓN

Qué carreira levaría un cabaleiro que á as once da mañán do 20 de Xunio do ano 1134 atravesaba á todo escape a ponte Taboada —a vella, por sabido— cara á Prado, na parroquia de *Bendoiro?* (1). Tal era a fuga que levaba, que anque mismo non houbera o arcaván que xunta os dous penedos que fan de cepas, unha de cada lado do río, o cabalo salvarío sin falta; pois parecer, pariceu que ao levantar as patas de sobre o penedo da banda d'acó, xa tiña pousadas as mans no penedo da banda d'aló.

Agora direi de cómo iba portado. Levaba un á modo de saco feito de pequenas argolas de ferro enfiadas unhas nas outras e cosidas contra un fondo todo de coiro. O saco subía hastra cubrirlle a cabeza, rodearlle o pescozo e taparlle o queixo e máis algo das meixelas. Sobre da cabeza e cara así envolvidas, levaba coma unha monteira de ferro que por diante tiña unha barreta tamén de ferro, que lle chamaban *nasal*, porque defendía o nariz. Debaixo do saco ou cota víaselle un faldriquitín de ante, e de ante eran tamén os calzoos que lle cinguían toda a á perna hastra envolverlle o pe. Unha curta pero recia espada pendíalle do talí, que levaba atravesado sobre o hombreiro direito, e as esporas eran á antiga, e en vez de rudicio tiñan un longo aguillón como os espunllos dos galos. O escudo, de feitura de triángulo, levábao encolgado no arzón da besta.

O cabaleiro, como iba tan de presa (e xa o había de ter visto moitas veces), non reparou n-un letreiro que estaba escrito n-unha pena, acarón d'a ponte. Nós, que temos máis vagar, leerémolo e copiarémolo, que ben-o merece, pois é un dos moimentos máis notabres de Galicia, pra canto máis que o moy sabido alemán Hübner, na coleución

(1) *Bendoiro* é o mismo que cazadoiro. Ven do latín *Venatorium*, sitio de caza.

de iscriciós cristianas da nosa España, pubricouno bastante mal copiado. Dicía, e dí así:

LABORAVERVNT LA PONTE
ERA DCCCCL:
ET FUIT PERFECTA PRIDIE KALENDAS APRILIS (1)

Mais volvendo agora ao cabaleiro, sigueu a sua carreira sin querer tomar folgo hastra que se perdeu n-un estenso souto de altas e copudas nogueiras. O cabalo, que era dos que os mouros pol-o veloz do seu correer chamaban *alfaraces*, era teixo coma o acibeche; levaba teso, teso e estiricado o pescozo co peteiro; os beizos babeando escuma; as ventas infradas; a cola irta e tendida; e tal era o modo de manexar as canelas, que o mirar coma n-un átimo aparecían xuntos os cascos no chao e logo lanzados no aire, daba mareo e trubaba a vista.

Así foy hastra que despois d'atravesar un monte raso, bateu n-unha corredoira en forma de embudo, ancha na entrada, estreita no cabo, no cal a cerraba un valo de terra e callaus, e máis un palançate ou empalizada baixa formada de estacas espetadas no chao c'uns canizos antre medias feitos de grosas corres de carballo.

Esto xa era na parroquia de Don Sión, ou Don Silón, ou Donsión, como dín agora. No cabo da corredoira, á man ezquerda, un pouco retirada e trascanteada, abríase unha ancha porta formada de dous grandes lanchóns de cantería, que facían de pes direitos. Detrás da porta, pra un lado, n'unha garita feita de pedras e cuberta de ramallos hachábase un mouro, negro coma un chamizo. Era pequenote, nembrudo, medio trenco, revelludo coma paricía pol-as engurras da cara, e máis polas cañas que lle saían antre as non vastas pero crechas e rabechadas guedellas de lan, que lle rodeyaban o carís. Relumbraba n'aquel fondo loitoso-, coma unha vela acesa, o branco do ollo, qu'él estaba sempre e de cote revolvendo a todos lados.

O cabaleiro non reparou moito no mouro; atravesou a porta, sigueu o seu camiño por antre dous muros, un, o da ezquerda, baixeiro á modo de barbacana d'un castelo, o outro máis alto e máis ben feito. A os cincoenta ou sesenta pasos topou con outra porta que daba de frente, e que ao chegar él abreu outro mouro máis mozo que o pirmeiro; meteuse dentro, apeouse, e mentres o negro atrancaba a porta e recollía a besta, á brincos subeu a rampla de pedra que había

(1) Labraron a ponte no ano 912, e foy acabada o 31 de Marzo.

á a man direita e levaba á un largo patio, rodeyado de casetas e alpendres, no fondo do cal víase un edificio á modo de pazo dun solo sobrado. No patio había tal cual mozo ou obreiro; mais o cabaleiro con ninguén se parou, nin falou, sinon que se meteu de camiño no pazo que tiña a porta aberta; embocouse pol-a escaleira, e en duas ou tres alancoadas prantouse na pirmeira cámara que topou, n-un recanto da cal, ao pe d'unha fiestra, hachábase sentada n-un canapé unha dona de gran porte, rodeyada de duas ou tres doncelas. A dona, anque moza, pois tendría, á todo ter, de 26 á 27 anos, gastaba touca coma a que soían trajer as señoras mayores e xa apartadas do mundo. O axustado brial e mail-o demáis vestido que levaba, sin que aparecese n-él cousa que denotase fachenda e fantesía, era cal cumpría á unha dona qu mamou co leite as finas e esquisitas maneiras da máis alta sociedá. E na sua faciana debuxábase certa espresión de tristura e malenconía que inda lle daba máis aire de maxestá.

O cabaleiro non lle dou outro saúdo que guindarse n-un tabolete, dicindo ao mesmo tempo con aire pesaroso e abatido: —Xa cheguei tarde!

—¿Qué foy o que pasou logo? —perguntou ela saltando do canapé e poñéndose albiña inda moito máis do que estaba—. Dicídemo todo e no-me caledes nada!

—Ao chegar Sancho á Tuy xa a cousa estaba amasada; botáronll'a man e encerráron-o entre catro paredes, e así o touveron hastra que vendo as contas mal paradas escaparon todos co Conde D. Gómez pra Purtugal, levándoo á él n-unha xaula de ferro. O pior do caso foy que tamén algúns dos que iban con Sancho, bastantes, deron as mans cos seus verdugos, que foy o que á mín máis me indinou e aborreceu.

—E dicir que ese infame consumou ao fin a sua maldá! —escramou ela ca voz tembrosa—. Pero nada me sorprende; todo esto mo pernosticou a difuntiña de miña nay cando estaba pra morrer. Ainda me parece que as suas palabras, as últimas que oín de nay á quen tanto quixen, m'están resoando dentro, e que estou vendo o último alampo que ao mesmo tempo dispidiron os seus ollos antes de cerrarse pra nunca máis volver á abrirse! E qué é o que maquinará agora ese mal fillo, ese mal hirmán, ese tigre —continuou ela cos ollos erguidos cara ao ceo, cos brazos caídos, cas maos cruzadas co rivés pra riba— pra acabamento e ruina da sua xente e perdición da sua alma?

E ao dicir esto a dona deixouse caer no canapé, e comenzou á saloucar de tal modo, que paricía que lle quiría saltar o corazón pol-a boca.

O cabaleiro, que veu esto, correu ao pe d'ela dicíndolle con moito amor: —Mariña! Mariña! qué che dou? Mais ela, co acoramento que tiña, non podía pernunciar palabra; soilo tiña a man sobr'o peito coma si tivera medo de que lle estoupase.

Estonces él avisou que trouxesen unha pouca auga fresca, e mandou á as doncelas que lle afroxasen a roupa, e entramentras qu'estaban n-esta operación, arrimouse él á unha ventaa que dicía ao campo e que tiña unha gran vista. Coma pra estraerse estendeu as suas miradas todo ao redor, sin por eso pousalas foito nin nas mechas carballeiras, nin nos labradíos, nin nas herbeiras, nin nos caseríos que desde alí se avistaban; pero n-unha pequena calva de monte que se vía a o lonxe antre dous soutos de castiñeiros, debeu de pronto aviscar algo que lle chamou moito a atención, porque pra alí enfiou os ollos medio musgados, estiricou o pescozo e ainda botou o corpo fora da fiestra, como si quixera atrapar e deter cos ollos o que así de socato se lle presentara. E n'afeuto, pol-a calva aquela víanse marchar á todo escape unhos bultos coma de dous homes á cabalo; e o noso cabaleiro, que dibía ter unha gran vista, pol-os xestos que fixo e pol-a ansia con que ollaba pra o sitio, dou á entender que algo pispiara n'aqueles bultos que á él nada o contentaba. Por un pouco foy siguindo ca vista a direición que supoñía que levaban, por ver si os volvía á apelumbrar; pero decatado de que perdía o tempo, porque todo pra aquela parte eran espesas e altas carballeiras, dou a volta pra dentro e encamiñouse pra onde estaba Mariña, que xa estaba máis atranquilada e serena.

—Ay Ramil! Ramil! —escramou ela ao que o veu preto de sí— en qué boa hora sacou Noso Señor d'este mundo á miña nay, pra que non vise nin soupese de tan ruins e atrocismos feitos.

—Poida que vosa nay —contestou él— tivese máis conformidá e estivese máis serena que vos.

—Non digo eu menos, pero non hay peñasco (e ben sabe Dios que miña nay non-o era) que á a forza de mallar non se abrande ou non se esfarele. Os tragos que ela pasou fóron-a ao fin chegando e apertáronlle o corazón hastra cortárenlle de todo o folgo. Pero inda estou por decir que mail-a matou a ideya dos males que adiviñaba, que non os que ela misma veu e presenciou.

—Ben, pois agora o que importa é que vos vayades atranquilando pra ver de cómo podemos valerlle ao probe de Sancho. O malo é cómo vamos á saber agora do seu paradeiro. É de creer que o levarían pra Braga ou pra o Porto, si non-o meteron n'algún dos castelos que están

preto da estrema. A mín xa se me acurreu que habemos de ter que mandar á Daniel, que ten boas pernas e é moy estuto, e pro caso non hay outro, que onde él non meta o fuciño, xa escusa outro ir á peteirar.

—Pois entonces, canto máis axiña —contestou a dona dando un gran layo—, e si pode ser hoxe é escusado esperar á mañán. Habedes de ter que darlle algunha guía pra que él poida manexarse e saber ónde ha de ir á petar. Onte tamén tiven noticia d'Alvira. Trouxéron-a de castelo en castelo, e ao fin metéron-a ahí no de Gondufe. Pol-o d'agora non-a tratan tan mal, dí ela, pero sabe Dios o que inda lle espera.

—Vos, Mariña, que sempre fostes tan aleuta e tan boa —engadeu o cabaleiro, que se lle conocía qeu estaba alí ardendo desque vira atravesar as duas sombras pol-a calva do monte— non debedes esquecer que Dios aperta, pero non afoga, e que conforme dá a chaga, así dá o romédeo. Agora teño que ir á dar unha volta pol-a casa, pero ey de volver logo, si Dios quer. E si mentras houbera alguinha novedá, xa me mandarés aviso decontado.

E acabando de dicir esto xa sobre a soleira da porta, baixou a escape e no patio falou co moordomo da casa pra que avisase á toda a xente que se retirasen todos dentro dos muros, e que puxese gardas e vixías mentres él non viña. E logo montou á cabalo e desapareceu coma unha saeta.

LERIA NA CUCIÑA

Había aquela noite moita foliada na cuciña, e todos estaban ao redor do lar esperando á ver cándo estaban cocidas as castañas de que estaba acugulada unha gran cazola ao pe do lume. O lar d'aquí á pouco era coma unha eira: cadrado, lousado e erguido sobr'o chan coma unha carta. D'os lados tiña unhos longos tallos con alto respaldo disposto de tal xeito, que cando cumpría, baixábano por sobre da cabeza dos que estaban sentados, e servíalles de mesa. No medio do lar estaba encolgado do burro ou augarelo un caldeiro desconforme cheo de auga fervendo aos cachóns.

Parecía unha estrañeza que houbese tanta troula n-aquela casa onde desde tanto tempo non había máis que loito e negra trestura. Mais había duas razóns pr'aquela trisca: unha, as castañas cocidas, e outra, certas novas que trouxera un moordomo que chegara en posta de terra de Castela preto de Ourense.

As castañas conservábanas verdes n-unhas grandes covas que facían na bodega e metíanas n-elas, capa de castañas, capa de area. Pol-o vrao soíanas cocer unha vez á a somana; e o día que as cocían sempre se celebraba aquél difrente coma si fora unha gran festa.

As novas que trouxo o moordomo, na cuciña non-as contou pol-o craro; mais por eso dixo o bastante pra que todos se decatasen de que agora iba a cousa de veras, e de que logo lle iban á tomar as contas, e ben tomadas, á os purtuxeses. A estalaría e algareo que con esto alí se armou, non é pra dito. O que máis e o que menos xa lle paricía que tiña alí diante á os purtuxeses, e que estaba facendo n'eles unha cañeira coma en centeo verde.

Pero volvendo á as castañas, había alí un cuciñeiro, home d'uns cincoenta anos, muy falangueiro e adivertido, que pra todos tiña o seu conto, e co cal todos se metían pra facel-o falar; ben que pra esto pouco él necesitaba. Por eso, era un home honrado á carta cabal, boo

coma o pan e leal coma mesma lealdá. Xa fora cuciñeiro da casa seu pay, xa o fora seu aboo, fórao seu bisaboo, fórao seu tartaraboo, e ainda n-os decumentos da casa viña que o Rey D. Bremundo II dera o pirmeiro cuciñeiro d'onde viña aquela tronquidá, así como dera outros escravos, uns pra facelo pan, outros pra preparar os baños, outros pra coidar o gando, e así polo estilo.

Pra facelo rabiar, uns furtábanlle algunha castaña; outros tizábanlle o lume pra apurar a cazola; outros remexíanlle as brasas pra que se alpurizasen as muxicas e as charamuscas, e outros facíanlle outras trasnadas.

Mais él c'unha xostra na man, á todol-os tornaba e arrecadaba, decíndolles ao mesmo tempo: —¡Afetá que han de volver! Estades moy irtos; xa vos pondrey dondos.

—¡Sei-que pensas que non han de chegar pra ti, lambón! —decíalle ún.

—Nunca te viches n'outra, famento.

—¡Ten tanta fachenda coma si fora o Rey da cuciña!

—Non lle fagades caso, que á él soilo lle gustan as cousas chichiritas.

—Cantádelle a copra do porco cuciñeiro.

—E n-esto, dous ou tres mozos dos máis legres do recovaxe, comenzaron de cantar:

Indo pra Cataluña,
Camiño de Gundián,
Encontrey un burro pinto
Montado n-un capitán.

Na alforxa leva o viño,
Na cabeza leva o pan.
Entramos n-unha taberna
Con ganas de merendar.

O taberneiro vay na cama,
A taberneira á mallar,
Un becerro vende o viño,
O porco fay o xantar.

As cuncas estaban no chan,
E as xestas no cunqueiro;
O gato sopraba o lume
Porque era o máis lixeiro.

E ao decir esto os tres cantores botaron a gadoupa hastra dar na cazola; pero a xostra de Troitosindo, que así lle chamaban ao cuciñeiro, nin siquera lles dou xusgo pra escapar á tempo ca man.

—Cantade agora: ¿quén é o máis lixeiro? —decía n-este mentres moy teso Troitosindo, tizando o lume e sin sacar os ollos da cazola. —Ben sey eu con que bois aro.

Cas risas e berros que co canto alí se levantaron, paricía que se iba a vir abaixo a cuciña; e logo comenzaron a ripitir á a unha:

O porco fay o xantar,
O porco fay o xantar.

—A pirmeira vez que oín esas copras —sigueu Troitosindo coma si non pasara nada— foy na sagrazón da eirexa nova de San Martiño de Pazos. Deixáronme ir meus donos á axudar á facer a comida que se puxo despois da cirimonia. Moita foy a cristiandá e familia que alí se reyuneu. Despois da sagrazón, que fixo o señor Obispo de Lugo, púxose unha mesa brandida pra todol-os coengos, abades, frades e cregos e outros sonvidados que viñeron, e máis pra todol-os fiigreses da parroquia. Inda no-me tocara outra pol-o estilo. Acórdome ben que foy o 18 de Setembro do ano 1118. Comeron todos n-un souto debaixo d'uns toldes que se armaron por antr'os castiñeiros. ¿E queredes que vos diga cánto se gastou na comida e na festa?

—Dí.

—Casi todo pasou pol-a miña man. Pois ensumíronse duas cargas de trigo; tres de centeo; seis de cebada pra as bestas; seis moyos antre viño e sidra; de manteiga, mel, pimenta e cebolas, quince soldos; unha vaca testa, catro porcos, seis carneiros; antre bacuriños, sanganos e galiñas, quince pezas. É dicir, esto foy o que adiantou un cabaleiro que lle chamaban Sanio Martiz e máis sua muller Visclavara Ramírez (1), sint'o que puxo a parroquia.

—E ti qué bibiches ¿viño ou sidra?

—Bibín o que me cumpreu.

—¡Vaya que ti, que pra comere eres tan xeniqueiro, que fas rastollo da nosa comida, pouco apandarías!

—Bruade, bruade, que ao fin e ao cabo, porco non porco, todos habedes de vir á afociñar á as miñas mans.

(1) Todo esto é estórico, pois así o reza un decumento que vin do mosteiro de San Martiño de Santiago. E máis dice o decumento: que o cura de Pazos Pedro Astrariz e os fiigreses con licencia do Obispo de Lugo, cedéronlle á Sanio Martiz a heredá de Rasedo en pago de que adiantara.

—¡Válgata a perdamá! ¿En qué fundará á sua fantesía este sarnento, que nunca tivo lacha pra cuciñeiro?

—¡Oh, si como é fungón fora cuciñeiro!

—Coida que ainda está en Castrovite.

—¿E qué foy eso de Castrovite? —perguntaron algúns d'a tortulia.

—Onde vay que pasou eso —dixo Troitosindo.

—Pois foy —sigueu o outro— que cando se reuniron alí os señores Arias Pérez, Pedro Gudestéiz, Xan Díaz, Payo Gudestéiz e outros moitos máis, que ainda fixeron vir tamén ao moito honrado señor Obispo de Santiago, D. Diego Gelmírez, despois que estiveron alí unha chea de tempo barallando e platicando, quedaron ao fin moi amigos, e xuraron e perxuraron que nunca en xamáis habían de faltar á as palabras que se deran e á as promesas que alí fixeran. Porque entonces todo o reino de Galicia estaba revolto; uns tiraban pra acó, outros pra aló; uns querían por Rey a este señor Emperador que hay agora, que entonces era ¡miña xoya! un picariño que ainda andaba en matelas; outros por darlle na cabeza ao Conde de Traba; bufaban e esbarafundaban e oubeaban que en Galicia non había de haber outro Rey que a Reina D.ª Urraca.

—¿E ti por quén estabas? —saleu ún.

—No-me pidiron consello, nin tiñan pra qué. E logo ¿quén me mandaba a mín revolver os miolos pra meterme n-eses fregados? Esas infonduras non son pra o noso caletre.

—Vaya que pol-o señor Arias Pérez ben podías estar.

—Podías leval-o pra a tua granxa. O que é pra argallar, pra engaratusar e pra meterllas ao máis pintado, non vin outro coma él. Era él moy capaz de sacar viño, onde outro non hachaba auga.

Pero volvendo ao conto de Troitosindo —sigueu o que tiña a palabra— despois que os señores todos quedaron ben aconvalachados pra as suas cousas, puxéronse á xantar. Pero ainda ben non se levantaran os mantees da mesa, non sey nin por qué nin por qué non, armouse tal sarracina na cuciña, que uns salían con espetos, outros con tanazas, outros con coitelos, outros co pirmeiro que toparon, e mallando á quen máis pode uns n-os outros, que paricían, Dios me perdone, os deños do inferno.

—Inda me tocou algunha xostrada.

—Sempre che foy así —saleu un do recovaxe— facéranas os porcos e pagal-as os bacuriños.

—Eu estonces era un rapaz, pois ha de haber moy cerca de trinta anos que pasou esto, e conforme eles ca fuga da pelexa iban arredándo-

se do sitio, fumme eu chegando hastra que dentro da cuciña pispiei á Troitosindo que estaba á contas c'unha gran cazola. Mitime dentro botando a conta de que á río revolto ganancia de pescadores; demáis que eu anque con Troitosindo non tiña moito trato, por eso ben-o conocía, pois cuasemente éramos da mesma igualdá. ¡Inda me parece que o estou vendo! Eu funme achegando moy á xeitiniño; pero él así que me veu, abrangueu un gran cullerón que tiña ao lado, e berrando —¡fora! ¡fora!— e renxendo coma un can, botóuseme encima, que si non tivera as pernas tan lixeiras, onde non probara o cullerón cheo, probárao baldeiro.

Troitosindo, teso coma un virote, estivo oindo todo o seu porceso coma quen oe chover, e soilo dixo: —Nunca che mereceron outra cousa os cursidosos.

—Por eso perdónoche todo; soilo que ti, en emenda, ben me pudiche dar un puño máis de castañas.

—Tarde piache.

—Pío pra outro día, que eu por mor teu heinas de comer moito ben.

Ao fin chegou a hora da cea, e todos coma galafates botáronse á a unha encima do barreñón en que o cuciñeiro emborcaba a cazola das castañas. E así que lle viron o fondo, o maor d'eles dou coma d'adoito gráceas á Noso Señor. E alí, onde hastra entonces non houbera máis que leria e algazara, á os poucos momentos non se sentía nin un triste chío.

BODA

O soave e doce cheirume de que deixou tan recendosa aquela casa a visita do Padre Abade de Carboeiro, púxoa de maneira que paricía que os moradores d'ela non rispiraban senon contento e satisfaución. Mariña contoulle a seus hirmáns a estoria de Ramil estando él diante; e Alvira e Sancho déronse por moy satisfeitos con que Ramil deixara de ser primo pra poder abrazalo coma hirmán.

Desde entonces xa non se pensou n-outra cousa máis que en preparar todo pra o casamento. Aquel mesmo día sayeu Ramil a recorrer os seus estados e terras, digo, os que lle quedaran dos señores que o adoutaran, e avisar á os seus vasallos e caseiros de que estaba pra celebrar o seu casamento. O propio fixo Sancho nos estados de Donseón pra que todos estivesen sabidores do próusimo casamento da sua hirmán.

Na casa quedaron Mariña e Alvira cos moordomos e cos criados arregrando e dispoñendo todo pra a boda. Ao outro día empezaron xa a viir cuchas, carneiros, porcos, galiñas, capóns, sanganos, odres de viño, etc., coma si fose pra un mercado. N-aquel tempo había certos autos na vida, coma os bautismos, os casamentos e as Misas novas, que se consideraban de tanta trascendencia, que traspasaban o círculo da familia e cundían por toda a comarca á maneira de andacio; pois tal era o afervoamento que se levantaba en todos de contribuir pol-a sua parte á a maor grandiosidá da festa. ¿Quén habería, por mingoado que fose, que non se contase por moy favorecido en ousequiar conforme poidese ca sua dádiva á os afertunados festeiros? Non ten, pois, nada de particular que aqueles días, n-aquela casa noubease a xente cos regalos á entrar e salir coma as abellas n-un cortizo. ¡Cánto se acordaba estonces Mariña do que lle había dito o santo ermitaño de San Cosme, o benaventurado Famiano!

A quen había que ver n-aquela ocasión era ao noso conocido vello,

o cuciñeiro Troitosindo. Direito enriba do lar, ao lado do caldeiro, co espeto na man e rodeyado de pinches e sirventes, paricía un Rey no seu trono. Conforme iban chegando as cousas, íbaas él repartindo: capóns pr'acó, carneiros pr'aló, cabirtos pr'acolá, e así o demáis.

—¡Coidado, Troitosiño, non te cavoques! —decíalle algún pra facer bulra d'él.

—¡Quén te verá d'esta amposta, larpeiro!

Pero él, coma si cantara un carro, siguía adiante co seu reparto, e dando ordes á uns pra que fosen ao monte por toxo, á outros pra que picasen leña, e así. A as veces, cando non-o entendían ben, baixábase do lar feito un baselisco, e xostrada aquí, trompazo alá, e labazada acolá, á todol-os tiña arrellados e deprendidos; que con él n-estas acasiós naide s'adivertía.

—Qué arroallo leva —decíanlle—, parece que leva toda a cuciña anteposta.

¡Dios nos libre! ¡morte cun fouce!

—Co conque de que é o pirmeir cuciñeiro, quere arrear e aquelar á tod'o mundo.

—Que na cuciña, que na eira, que no curral, este trasno sempre ha de facer das suas.

Pero non pasaba d'alá; que él, teso coma un virote, siguía adiante co seu imperio. En fin, era un vindeover.

O aviso do Padre Abade de Carboeiro de que por él xa estaba todo arregrado, non se fixo asperar moitos días; e con esto todo o mundo se puxo de bolina n-aquela casa, e naide descansaba, nin de día nin de noite.

O casamento había de facerse en Carboeiro; e o día señalado, á boa hora, saíron os novios con todo o seu acompañamento cara ao mosteiro. Barro lles costou o abrir camiño por antre a imensa montetú que rodeyaba o pazo. Rompían a marcha os escudeiros e peóns da casa de Donseón; seguían logo, moy ataviados, oito mociños e oito mociñas que Ramil lle dera á Mariña pra que lle sirvisen de paxes e doncelas; viñan despois os cabaleiros amigos e paniaguados da familia; e por último Mariña co-seus hirmáns, montados en bestas moy engalanadas e gornecidas. Cerraban por último o acompañamento, os moordomos e outros empreados da casa, montados tamén coma os demáis en bestas ben arreadas e lucidas.

Ao chegaren ao ponte que está preto de Carboeiro, encontraron á Ramil que xa estaba asperando co seu acompañamento. Os berros e acramacións que botaron n-aquel ponte, paricía que chegaban ao ceo;

¡tal era o antusiasmo d'aquela xente e a forza con que estaricaban e infraban os gaznates! O estronido d'aquelas voces resoaba nos montes d'arredor, e o eco iba pubricando por toda a comarca a gran solenidá da festa.

Encontráronse ca porta da eirexa cerrada; porque o Padre Abade ao ver pol-a mañán cedo que xa a xente se mataba dentro pra coller boo sitio, tomou o acordo —e non foy malo— de botalos á todos afora e atrancar a porta. A mesma operación, que non costou pouco, de cerrar a porta, houbo que facer despois que entraron os novios co seu acompañamento.

Non-os deteremos en descrebir a augusta cirimonia que tivo lugar dentro, nin o comovidos qu'estaban os presentes ca mesma sorpresa que lles causaba o ver d'aquela maneira pra sempre xuntos os que hastra estonces estiveran soilo unidos pol-o vencello do sangre.

O boo foy cando acabada a cirimonia apareceron os novios pol-a porta da eirexa: o levante que tal alí s'armou non é pra dito. Nin quedou por batemento de mans, nin por vivas, nin por acramacións, nin por atruxos, nin por nada que amostrase alegría e contento. Moitos ao pasar Mariña e máis Ramil, poñíanse de rodillas cas mans direitas, pois tal era o embeleso e soledá que lles daba; outros empezaban á contar contos deles, do qué dixeran, do qué fixeran en tal e cual acasión; de modo que si alguén poidera recoller todos estes ditos, tendría feita e direita a estoria de Mariña e de Ramil.

D'esta conformidá foron indo cara ao pazo de Donseón, onde ao pouco de chegaren comezou o convite, que como era d'adoito antre xente de tal rumbo, había de durar pol-o menos oito días.

Ao terceiro día, á media tarde, e cando xa estaban correndo pol-a mesa adiante as navetas cos confites e outras lambetadas pol-o estilo, na sala onde estaban os prencipales convidados persentouse de socato unha piligrina (n-aquela casa pra os piligríns sempre estaba a porta aberta), botou unha ollada ao redor, e logo encamiñouse ensiguida direita á Mariña. Pol-o seu porte e pol-os seus modos, ben se vía que non era unha piligrina calquera. Así que chegou xunto de Mariña bicouna e abrazouna con moito agarimo, dicíndolle ao mesmo tempo:
—Perdóname que te bique e que te abrace, pois xa eres miña filla. E logo como si lle tardara, virouse cara á Ramil caéndolle as bágoas á rego, e bicouno e abrazouno con toda a sua alma, dicíndolle ao mesmo tempo:

—¡Ay, fillo das miñas entrañas, cánto puxeches da tua parte pra que o sonroxo do meu pecado fose menos!

Abrayada quedou a mayoría dos que estaban na mesa ao ver as astromonias d'aquela muller. Algúns pensaban que se trataba d'unha tola e ainda se puxeron en pe pra estar máis dispostos, pol-o que poidera soceder; pero logo empezou de correr pol-o baixo a voz: —É a nay de Ramil, é a nay de Ramil; e con esto quedaron todos asosegados; pero, por eso, ca ansia e envexa de saber en qué paraba aquelo.

En canto á Ramil, ao pronto quedou coma estantío, sin saber o que lle pasaba; pero logo, ante as íntemas demostracións d'aquela desconocida, sinteu no seu intrior unha alteración coma nunca na sua vida esprimentara, un estordigamento que se lle estendeu por todo o corpo desd'a cabeza hastra a punta dos pes. Era o sangre que chamaba pol-o sangre; e non é pra describir a forte emoción e a intensa tenrura con que dou o pirmeir bico e o pirmeir abrazo á a sua verdadeira nay. A cal, cando poido coller algo de folgo, dirixíndose á todol-os circustantes, díxolles:

—Perdónenme suas mercedes —prorrumpeu saloucando— estes meus arroutamentos. Vint'esete anos hay que veño en costante e brava loita antre o meu corazón e consideracións que non é do caso espresar aquí n-este momento; e agora que, gracias á esta boa moza (e ao decir esto pousaba a sua man sobr'o hombreiro de Mariña, inda non tanto pra apoyarse n-ela coma pra darlle xa unha proba de íntema familiaridá) cóubome hachar algún tremiño ao afán que me devoraba o peito e que vexo legre e dichoso a este pedazo do meu corazón, do cal tanto tempo estiven en sacreto; non vos estrañedes que eu aloulee e diga e faga cousas sin orde e sin tino.

N-esto Mariña foise arredando pra que se sentase antr'ela e Ramil; mais Ermemberga, que lle conoceu a intinción: —Estas mesas —díxolle— non che son pra unha piligrina.

—¿E non queredes botarnos a vosa bendición? —repricoulle Mariña.

—Si o sentarme aquí sinifica que vos boto a miña bendición, sí, sí.

Por eso ela non quixo tomar nada, sinon que estivo remoendo na boca algunhas finezas que lle fixeron os fillos; e mentras, perguntoulles si habería inconveniente en que entrase alí un seu escudeiro qu'estaba na porta asperando. Ramil cenou á un dos criados qu'estaban sirvindo á a mesa pra que fose á avisar ao escudeiro; e logo éste entrou, traendo nas mans un caixonciño que puxo diante da sua dona. Abreuno ela, ou máis ben dito, arredoull'a tampa porque o caixón xa viña aberto, e sacou de dentro duas arquiñas de marfil qu'estaban envolvidas en panos de seda. Unha arquiña púxoa diante de Mariña, e a outra

diante de Ramil, dicíndolles ao mesmo tempo: —Estes pequenos trastes non teñen dadoiro, é verdá; pero eu aspero que sempre que os abrades, habedes de hachar n-eles o cariño de vosa nay.

—Xa me tarda —dixo Mariña, abrindo a sua—; e comenzou de sacar sortellas, bincos, collares, unha media lúa á modo de diadema, todo de ouro, e máis tamén madeixiñas de fios de ouro pra entrenzar co cabelo. O que máis chamou a atención foy un cinturón de tela de ouro que de trecho en trecho tiña apricados unhos medallós tamén de ouro con esmaltes de aprique. Os broches, que eran redondos, tiñan unha rolda de pelras, despois outra más pequena de rubís, e no medio engastonada unha gran esmeralda.

Ramil fixo o que Mariña, e sacou da sua arqueta unha cruz, unhos relicarios, unhas esporas de ouro, o puño d'unha espada rematado c'unha esmeralda redonda, e c'unhas boliñas de zafil nos estremos dos brazos da cruz; e sint'estos, outros dixes, conchas e monadas.

As mesmas arquetas eran en sí cousa de moito valor e estimación. A de Mariña, tiña no frente labrados de relieve tres cuadros separados por culunas. N-un estaba fegurada a Anunciación de Nosa Señora, n'outro Noso Señor no portal de Belén e no outro a Adoración dos Santos Reises. A de Ramil tiña no medio as bodas de Caná e á os lados os desposorios de San Xaquín e Santa Ana e Nosa Señora e San José.

Os convidados estaban todos ca boca aberta contemprando aqueles ouxetos, e todos moy adimirados de que a piligrina viñese arrombada c'aquelas cousas. Pero o caso pasou así. Ao ir Ermemberga pra Santiago en comprimento da sua ofreza, coma d'adoito foyse á Carboeiro pra falar co Padre Abade. El contoulle todo; cómo seu fillo Ramil estaba pra casarse d'alí á dous días; díxolle quén era a novia, como ninguén podía deseal-a mellor. Con esto a boa da muller púxose tan leda e tan contenta, que paricía que a alegría lle rezumaba por todo o corpo. De Mariña e máis dos hirmáns xa lle falara o Padre Froilán nóutras ocasións.

¡Ay Reverendo Padre! cánto ben me fay noso Señor, á quen tanto ofendín. E con eso despideuse e sigueu pra Santiago.

No camiño ocurréuselle que lle tiña que facer algún regalo á os novios; pero, ¿cómo iba ela á comprir con esta cortesía, si sacando que viña acompañada d'un escudeiro e d'unha doncela, en todo o demáis era como unha mandingante? Fixera pormesa de non parar en outro sitio que nos espitales que había á a beira do camiño e alí durmir onde durmían os probes e necesitados, e non comer máis que o que lle desen por caridá. Así é que na bulsa dos cartos non trajía máis

que moedas miudas pra dar á os probes ou eivados que alcontrase pol-o camiño. N-esto nembrouse que en Santiago conocía á dous coengos, que andiveran pol-a Lombardía recollendo esmolas e donadíos pra a Eirexa do Apóstolo, Patrón das Españas. Con eles falara algunhas veces, cando andaban viaxando pol-a sua terra, e ainda lles dera unha boa esmola (e máis poida que fosen Pedro Astrariz e Payo Yáñez, de quen dice a Estorea Compostelana, no Lib. II, cap. LXIV, que pol-os anos de mil cento e vinte e tantos, con tal ouxeto recorrían a comarca de Pavía).

Non lle fixo falla poñer moitas esculcas pra alcontrar á os coengos na catedral. Díxolles en moito segredo quén era ela, e o que lle pasaba: que quería facer algúns regalos pero que non trajía cartos bastantes, o pol-o tanto que lles pidía que tivesen á ben de emprestarlle o diñeiro que pra o caso lle cumprise. Eles, que non tardaron en reconocela e nembrarse do ben que os tratara en Pavía, ofrecéronselle de moy boa voluntá pra todo o que lle fixese falla. Con esto ela clareouse con eles e díxolles que o que quería era mercar algunhas alaxes de máis valía que houbese en Santiago pra regalar á unhos novios, á quen ela estimaba tanto com'as meniñas dos seus ollos.

Os coengos foron avisando a os oulives de máis nombradía (¡e coidado si os había boos estonces en Santiago!) pra que trouxesen á a casa d'un deles todo o melloriño que tivesen na tenda. Ela iba escollendo o que lle paricía, hastra que veu máis que atuídas as duas arquetas de marfil, que tamén mercara á un dos oulives. N-esta aperación empregou tres días, ao cabo dos cales despois de despedirse dos coengos, deixándolles conocemento e obrigación do que d'eles recibira, púxose en camiño pol-a vía acostumbrada hastra que chegou a Donseón co seu alquipaxe á a hora que vimos.

Por moy estantíos que quedaron os convidados ao contemprar aquelas cousas, ninguén por eso se astreveu a perguntarlle á a piligrina cómo e dónde lle viñeran aquelas alaxes.

N-esto xa estaba pra poñerse o sol. Ermemberga ergueuse e fixo ademán de querer despedirse. Os fillos, ambos e dous quedaron mirando pra ela cos ollos tan arregalados, como era grande o seu atoramento.

—¿E habedes de deixarnos n'esta acasión? —perguntoulle Mariña.

—¿E queredes negarme a pirmeira cousa que vos pido? —sigueu Ramil.

—¿E pensades, meus fillos, que é sin que se me esgacen as entrañas o teer que deixarvos en esta acasión? Pero non pode ser de outra

maneira. Eu fixen pormesa de vir direitamente a Compostela sin pararme máis que nos espitales do camiño, nin tomar máis que pan e auga ou o que tivesen a caridá de darme. En Santiago tres días enteiros embaín en comprar esas chilindradas, e agora xa me parece que é razón de que siga o meu camiño. E ao decir esto aloumiñaba cas máis tenras caricias á os seus fillos coma si quixera atranquilalos con elas, xa que non podía facer o que lle pidían.

—¿E cándo fixéstedes esa pormesa —saltou Mariña, á a cal as mesmas caricias da sogra paricía que lle daban aas pra facerse máis ousada e asixente— poderíasevos ocurrir que no viaxe habíades de encontrar prendas do voso corazón que necesitasen do voso amorío e do voso alento? E además que espital tamén é esta casa; porque, mal que eu o diga, poucos días veñen ao mundo, que non durman aquí algúns piligríns.

—Non é este o espital que eu busco, sinon o de Lalín, onde, si Dios quer, hey de ir dormir esta noite. O gran Señor á quen tanto ofendín, fíxome o ben de vervos aquí xuntiños; e eu ¿qué máis podo desear agora?

Estonces Mariña, botándolle os brazos ao pescozo e cos ollos que mesmo demandaban piedá: —Podíamos mandar atrancar as portas —díxolle— pra facervos violencia, pero estamos seguros de que máis que todol-as trancas han de poder con vos as súpricas e os suspiros de vosos fillos e en particular os da vosa filla nova. En todo caso iremos á dormir con vos no espital de Lalín.

Mais Ermemberga, que con estas súpricas e además dos fillos sentía que lle atenazaban alá dentro o peito, rindeuse e dixo: —O pasar vos a noite comigo no espital non pode ser; quedarey, pero ha de ser co-estas duas condiciós: que hey de saír ao arrayar o día e que ninguén, ninguén da casa, me ha de acompañar.

Despois, abrazando e bicando á Mariña: —Querendo Dios, á quen tanto ofendín e que tanto ben fixo —sigueu— xa buscaréi eu acasión de amostrarvos cánto vos teño no corazón e ceán prendada quedei d'esta miña filla nova.

E con esto acabouse o meu conto, digo, acabouse non, porque inda quiría engader algunhas paráboas acerca de cómo remataron os que

foron os prencipales causantes das trifulcas e trasnadas que vimos. O Conde de Toroña, D. Gómez Núñez, vendo que non-o deixaban acougar en ningunha parte, acabou por meterse frade no convento de Cruni, en Francia. Gondesindo marchou co Conde de Galicia, D. Fernando Pérez de Traba, na cruzada que perdicou San Bernaldo, e nunca máis se d'él soupo.

O CASTELO DE PAMBRE

SACRETO

Era unha desas seranciñas ausentes do mes de Mayo do ano 1378, e cerca da hora en que o boo de Lourenzo, xa canso da carreira do día, parez como que se quer acochar. Pardas e pirguiseiras nubes, recortadas á trechos por relumbrantes reberetes d'ouro, encobrían o ceo e facíanlle capa aos paporrubios, aos melros, aos esquirbentes, aos ferreiros, á as bubelas, aos xiríns, aos pinzóns e á outros moitos paxariños, que cada ún ao seu xeito e, como si foran a quen máis pode, cantaban, asobiaban e gorxeaban que se llas pelaba no entramentres que por antr'as xestas, os chaparros e os álberes de que noutro tempo estaba mecho e pobrado o estenso campo de Libureiro, preto de Millí (1), iban dando voltas ao redor d'aquelas brandas e tan cursidosas cunquiñas feitas de grabullos, caños, herbas, fiaños e toda cras de lixos onde piaban sagredamente as prendiñas dos seus amores.

No punto e momento en que damos comenzo ao noso conto, saltaba de dentro d'unha cerrada, das moitas que había naqueles longos e estensos chaos, á un e á outro lado do antigo camiño francés, un peisano qu'estaba parrafeando con outro que s'hachaba arrimado ao valo pol-a parte d'afora. O d'adentro fincou a fouce rouzadeira que levaba na man do outro lado do valo, dou un pulo e botouse fora dicindo ao mesmo tempo:

—Eche tan certo como que nós estamos aquí agora falando.

—Pois eu, Alberte —contestou o outro— hastra qu'o vexa, noo creo.

—Alá ti, Domingos; pero en desconfiado ti no me ganas, e ao fin vín tantas señas e tantas probas, que tiven que caer do burro maldi-

(1) É o famoso *Campus leporarius* do camiño de Santiago. Hoxe é un verdadeiro campo-rapado, e en vez de albres e chaparros está sembrado d'unhas laxes direitas que lle dan a aparencia d'un gran campo fortificado.

cindo, con perdón, da miña burremia que tanto me fixera temear pra non creer tanto ben.

E esto dicindo, iban andando pe ante pe cara á Millide.

O Alberte era un garrido mozo duns trinta anos. Levaba na cabeza un chapeu de aas ben anchas, e sobr'os hombreiros trajía un zarame ou zamarra de segoviao, que así lle chamaban a un certo pano vasto de Segovia. Calzóns e altos zapatóns cubríanlle os remos d'abaixo. O Domingos era da misma idá ou pouco máis e iba vestido pol-a mesma traza.

—Non te creas, Alberte —repricou o Domingos, conforme iban andando— que é a pouca gana de que soceda o que ti dís o que me fay á min retrucare; éche que dos que van aló poucos che volven; e si non mira o que lle pasou ao probe Sr. D. Fernando e a outros máis que sabemos; e logo éstes sonche moy lagartos e estánche con cen ollos pescudando todo o que pasa. Dios nos libre que eles uliran que estaba acó quen ti dís; eran capaces de reminar os acimentos do Bocelo. ¡Eche boa a xente pra deixarche arrincar da man o mango da sartén! ¡E si non, vaylle aló con ese recado! Eu non quero saber máis que ver o modo que eles teñen de cachear e rexistrar a os romeus e pelegríns. O poñelos en coiro é o de menos: o caso é enteirarse si levan ou trajen algún aviso ou recado d'afora. Por eso che digo que, se non que viñese pol-o aire, non che lle vexo outro medio. Si veu pol-o aire, estonces calo.

—Ti, Mingos, sempre fuche moy cismático e aparasible. Por onde veu, xa o saberás ao seu tempo, e estonces caerás do burro, digo si ques caer.

—Cata que hastra o d'agora cas miñas cismas non botei á perder á nadia, e en boa hora sea dito; pero ti á min no-me entendes. O que me sobra á min é a gana de desapearme. ¿Quén é tan tolo que non queira ispir fora esta pecumia que nos abura e confonde? Pero é tamaña a nosa mala fertuna, que nos habíamos de ver libres destes escariotes, e non-o habíamos de creer. Desengáñate, Alberte, que tanto ben non che é pra nós. Sonch'os nosos pecados, que isto e moito máis merecemos; e despois estes escolares parez que teñen pauto co diaño, que todo lle sale á pedir de boca.

Na somana pasada fixéro-me ir á botar tres días na gávea do Castro d'Ambreixo; e despois de botar alí as alegrías nin siquera me deron unha sedada d'auga; e eso que xa facía un sol qu'esmechaba, peormente no último día; que cando volvín pra a casa no primeiro rego que topei no-me vía asalgado d'auga.

Na outra somana tívenlle que facer oito carretos ao señor d'Eroso, desde a devesa da Lucença hastra á a sua casa; que han de ser ben unhas tres légoas por uns camiños por onde non hay gaado que arranque. E despois de chegar alí cos bois esmiñancados, despáchante con cara de pau e sin un triste carolo para ir estribillando cos dentes. Esta carta feira que pasou, fixo catro somanas, tiven que dar unha noite de vela no castelo da Gandra, que estaba facendo o señor do Mato. Como de cote, nin unhas maas farangullas pra entreter a fame. En recompensa, cando me morreu meu sogro, fará agora unhos sete meses, ao pagar a loitosa, puxérome o mellor boy que tiña en douscentos maravidís. O boy non era malo, e non é porque eu o diga; pro nin con moito valía ese diñeiro. Por máis que dixen e fixen no-me valeu, e tiven que zichar branca por branca os douscentos maravidís. Pol-a ponte de Campaña xa non hay quen vaya; porque o señor de Remonde despelexa a toda alma viva que por alí pase cos trabucos do pasaxe, do pontaxe e do castelaxe. Agora, si ques, váiteme ao do Castro das Seixas, verás que moscas che salen.

—¿Acabache ca tua ladaíña? —perguntou Alberte.

—Inda non fixen máis que escomenzar —interrumpeu Domingos.

—¡Boite! pois se eu empezo ca miña —sigueu o outro— temos pra un boo anaco.

—Eche ben escusado; pois, do que é mal, ben púbricos e ben sabidos son os ladroizos e as malfeitorías destes arrabiados; qu'ainda nos parecen máis alritantes e máis noxosas ao ver do que pasaba en tempo do señor Vasco d'Ulloa e de D. Fernando de Castro. ¡Personas como D. Fernando nunca habían de morrer, o! ¿Ves este zarame que trayo á as costas? Pois doumo él fará uns dez anos na vila de Sarria. Iba eu cun recado do señor Vasco, e insiguida mandou que me desen de xantar e máis unha boa cunca de viño. E cando un moordomo me trouxo a resposta, tróuxome tamén da sua parte o zarame. Soilo o velo prantado no seu cabalo tordo, daba xenio. Aquel si que era señor; e non estes grusmias e esfameados que parez qu'a miseria lle roye os osos e lles fai roer os dos demáis. Cando iba por un camiño co seu arnés relumbrante coma os rayos do sol e ao frente da sua escoltra, composta de cabaleiros tan portados e tan boyantes a escape naqueles cabalos, que voaban e non andaban, todo o mundo quedaba parado e abrayado. Ser, era moy puro; pero máis rayal e máis humano en todal-as suas cousas, non vín outro. O rumbo e a fartura que había naquela casa, os tantos paxes, e cabaleiros, e escudeiros, e moordo-

mos, e criados e doncelas, que por todol-os rincóns formigaban, facían a casa máis para un Rey que para un señor.

—Oínchelle eu dicir a meu pay —saltou aquí Alberte— que unha vez iba D. Fernando cun soo escudeiro pra o seu castelo de Sarria: inda era mozo, que non tiña pelo de barba na cara: e nosto ao chegar á Zanfoga, preto de Portomarín, veu atravesar correndo pol-o camiño unha rapaza qu'iba chorando coma unha Madalena. Perguntoille Don Fernando qué tiña. —Señor, lévanme preso a meu pay —contestou— porque non quer pagar o xantar ao señor de Bagude; e o d'ogano xa o pagou; e agora quer que llo pague outra vez e que lle dea vinte maravidís; e meu pay non-os ten, e por eso lévao preso. —E ti ¿d'onde es? —Eu son d'Abelás, e mandoume ña nay á Naballos en cas dun curmán á ver si lle prestaba os vinte maravidís —E ¿cándo levaron preso o teu pay? —Agora mesmo, señor; él saía por unha porta e yeu pol-a outra; e sey que o quere nlevar preso para o castro de Bagude.

Non quixo saber máis D. Fernando. —Vólvete, rapaza, pra a tua casa —díxolle logo—; que o xantar xa llo darei eu ao señor de Bagude. E esto dito, mete esporas ao cabalo, e á todo escape e levando detrás ao escudeiro, torceu para Abelás, sigueu para Bagude, e mesmo estando xa para entrar no castro o señor de Bagude:

—¡Alto! ¡que ese preso é meu! —berrou D. Fernando.

—Se é teu bícalle no rabo. Habrase visto somellante marraxo. Váyase en paz aos seus feitos e non se meta onde no-o chaman. Ou si estás borracho, ahí tes esa fonte para remollar a cabeza.

—A quen hey de bicar eu, ha de ser a ti, vilán, que ca tua asquerosa língoa pertendiche luxar a imaculada honra dos Castros.

—E antes de acabar de dicir, xa brincara encima do outro ca espada desenvainada e botando lume pol-os ollos.

O de Bagude quedou tan atortoado, que non soupo facer máis que risparse para dentro do castelo. No entramentres D. Fernando antepuxo ao preso, e volvéndose aos catro ou cinco peóns que alí estaban, soltoulles esta receta: —Dicídelle a voso amo, que o xantar deste home que mo vaya requerir a Sarria, ou si ten moita presa, que aquí hay campo e que mo veña a pidir, que llo darei no auto. E poñendo a man sobr'a cabeza do preso sigueu: —Este home é de miña mamposta. Desdichado do que lle chisque no pelo da roupa. —E sin máis, foino acompañar hastra á a casa.

Destas cousas estaba él facendo diario. Non llas calaba ao fillo do sol, e coidado con que él soupese que en algún sitio se fixera algunha

maldá; alí se presentaba ao istante para emendala e correxela. Para esto non sei cómo facía, pero sempre tiña él azo e leser.

—¡Boite! ¡tíñache ben de quen-o haredar! ¡Non che erra o que ao seu somella! —ouservou Domingos—. O pay era o mayor cabaleiro que d'aquela había en todo o Reino. Cuasimente él morreu o ano que eu nacín, que foy o corenta e tres; e contaba miña nay, e tamén llo oín á vellos, que cando o trouxeron á enterrar desde Alxeciras, onde morrera de peste, á a Catredal de Santiago, parecía aquelo á fin do mundo ¡tántos eran os choros, os saloucos, os layos, e tanto era o que todos, probes e non probes, o planteaban! E eso que él no seu testamento mandara que no seu enterro non se fixera doo nin planteamento. Pero ¿quén iba á arrecadar á tanta familia como alí se xuntou detrás d'él? Levaban o cadaleito os seus vasallos que s'iban remudando aos poucos, e enterránon-o na mesma Catredal a espaldas do coro e ao pe do leedoiro da Apístola. Enterro coma él, nin-o acordaban os nados, nin dempois houbo outro que nin con moito se lle asomellase.

—Anque sea o señor Vasco d'Ulloa tamén che é un home compreto.

—¡Oh! eso dimo ti a mín! Presona que faga máis esmolas na hay debaixo das estrelas. Para este espital de Libureiro, e o mesmo para o de Millí, sempre estaba mandando mantas e cabeçaes, sint'os reparos que estaba facendo á cada paso. Despois regalos á as eirexas; á bon seguro que non hay eirexa en toda esta redonda que non teña algunha cousa, ou cález, ou ornamentos, regalados pol-o señor Vasco ou pol-os seus santospasados. Tamén o señor Gonzal ¡vaya qué mozo! Paricía que Noso Señor quixera debuxar en él todal-as perfeucións! E no caraute era pol-o estilo de D. Fernando, rumboso, falangueiro, xusticeiro, non consintidor de ruíns e malfeitores e amigc e valedor da xente boa e honrada. E máis ao señor Vasco desque él lle faltou, nunca máis ben lle foy; parez que cayeu sobr'él unha sombra; anda medio pasmado e hastra parece que non se lle dá por recobrar as terras que lle teñen mal levadas. Despois os outros fillos hastra agora son rapaces, e máis están para recibir axuda que para dal-a.

—Eso xa o veremos —dixo Alberte.

—Dios te oya, que él todo o pode; pero eu vólvoche á a miña. Estanche éstes moy agarrados con dentes e uñas, e logo cóntanche ca axuda do Sr. Condestabre, e para desbancal-os non che vexo traza, nin xeito, a non ser que Noso Señor queira facer un milagre. Pouco conoces ti ao señor de Sampayo; é pior qu'un alarbio; non é home, que é un dragón que á toda a terra ten atemorizada. Os fillos pra alá van; e todo o mundo arredra d'eles como si foran escorpións. ¿Quén chos

vay á chimpar fora dese castro das Seixas, onde eles están tan ben entobados? Despois estanche confradados co señor Fernán Pérez d'Andrade, e ben sabes que agora o que éste diga ten que valer, queiras que non queiras.

—No me veñas ti cas tuas sécolas —contestou a esto Alberte—; que valerán para xente bafúa e encativada, agora pra homes de peito e de arranque e cansos de tanto aguantar e sofrir, sonche como pingotas d'azeite botadas no lar; inda ch'alpurizan máis o lume do que cho apagan. Benia á a tua calma e cachaza, que ti pol-o visto inda ques volver pol-o vezo.

A todo esto xa había un pouco que estaban parados diante da corredoira que aparta do camiño rayal para a eirexa de Libureiro, para aquela eirexa de Libureiro que ainda hoxe conesrva no sobrelume da porta prencipal unha preciosa imaxe de bulto, da patrona, Santa María, a cal, non hay moito tempo que tiven a sorte de poder contemprar ao meu xeito en compañía d'unhos boos e quiridos amigos. Sobre o xionllo esquerdo ten a Virxen Madre, que está sentaa nunha rica cadeira, ao seu Meniño, ao cal está Ela mirando con dooce e inefabre espresión. O Meniño viste túnica e a Nay túnica e manto e ademáis unha touca rizada, e sobr'ela unha coroa flordelisada. No campo do tímpano ou sobrelume dous ánxees turiferarios, un de cada lado, levantan os seus encensarios en sinal d'adoración.

O resto da portada corresponde á tan graciosa e atraente composición. O tímpano está sostido por duas mochetas nas caes vense esculpidos dous ánxees, cada un c'unha tarxeta medio enrollada. Ademáis do indispensábele torna chuvias rodeya o tímpano unha archivolta que descansa sobre duas culunas, unha de cada banda, asentadas nos codillos abertos nas xambas da porta.

A un lado da eirexa ainda se conservan as paredes do antigo espital que mostran nun escudo as armas xentilicias dos Ulloas.

No tempo que estiveron parados os dous amigos nen pasou por alí outra alma que tal cal pelingrín que iba á pasar a noite ao espital; así é que eles poideron espricarse á as suas anchas; e Domingos volvéndolle á Alberte pol-a palabra, díxolle moito:

—Noo... de que o lume che se alpurice e alapare ben, non che me doyo; o caso é vel-o.

—Xa o verás, inda que cegues, si Dios quer —contestou Alberte algo amoscado.

—¡A modo! e por eso Dios te oya e o diaño sea xordo; pero eu téñoche meu medo de que antes qu'eu cegue ti has de parvear.

—Parvo seral-o ti e toda a tua caste. Nunca pensei que foses tan duro d'arrellar.

—Pero ven acá, santo, e escóitame e non seas tan atufado. ¿Cómo o Señor Gonzalo, por moito que faga, vay á recobrar os seus estados, si llos repartiron como os xudíos repartiron a roupa de Noso Señor? Siquera, dixérasme ti que era soilo o Señor de Sampayo, Vasco Gómez das Seixas, o que estaba apoderado de todol-os estados de Ulloa; estonces a cousa ainda tiña algún xeito; pero ti ben sabes, ou ben debes saber, que o Condestábele tenlle o melloriño, toda a Ulloa e Monterroso, e esto por dádiva do Rey; e que así que o Condestábele D. Pedro Enríquez vexa que lle tocan ao de Sampayo, tamén él ha de saír na sua axuda pol-o que poida suceder. Esto non oferece duda ¿non sí?

—Oinche eu que o Condestábele non che ladaba moito con Vasco Gómez das Seixas, a lo menos o caraute d'él non llo dá.

—¡Boite! fíate e non corras, que cando veñan as duras xa ladarán ben. Esto repítocho unha e cantas veces queiras. Non é dicir por eso que eu non degare pol-a vinda dos señores d'Ulloa. Si en min dependera, anque tivera que perder, non digo a man direita, si non as duas, xa mañán ch'habiamos de ver os pendós dos Ulloas nas torres de Curbián.

—Logo os habemos de ver, si Dios quer, e yeu son un probe e véxome ben asoballado, pero por min non ha de ser a falta. ¿E ti ricibiches algún recado do señor do Vilar de Mella?

—Non, pol-o d'agora.

—Poida que o alcontres na casa.

E con esto despartironse os dous amigos. Alberte colleu pra o lugar de Libureiro, onde tiña a casa, e o outro encamiñouse pra a sua, que a tiña preto de Millide.

A EMBAIXADA DE FERNAN VAZQUEZ

O día antes d'acabarse o prazo convenido antre Alvarez Páez e Gonzalo Ozores, á a porta da casa en que moraban os señores do Vilar de Mella, na parroquia de Rodieiros, á eso das tres da tarde apeábase un cabaleiro montado nun faco, o cal, si habemos de dicir a verdá, non podía chamarse un Pegaso o un Babieca, pero tampouco non era un barrufeiro. O xenete era Fernán Vázquez, que dando por suposto qu'os donos habían de estar na casa, deixoulle a besta á un criado que s'hachaba alí preto, e sin máis cirimonias meteuse pol-o zaguán adiante perguntando á voces si había licencia e ónde estaba a xente da casa. Como era algo parente de Eldonza, por eso entraba con aquela franqueza e desenvoltura.

Non tardaron os donos en decatarse do que pasaba; saíronlle ao encontro, e despois dos saúdos e parabéns do caso, fixérono subir á un dos sobrados.

—Parece que andamos fuxidos uns dos outros —dicía Eldonza entrando na cámara—; xa no-me acorda á última vez que nos vimos.

—Deso á Fernán Vázquez non hay que volverlle toda a culpa —saleu Vasco Fernández—; nós somol-os que estamos faltando, que inda tan siquera lle dimos as gracias á a direita pol-o que por nós fixo.

—O que eu fixen non é cousa que non se poida dicir, é verdá; pero non vexo por qué haxa que darme as gracias.

—¿E pensades que non sabemos o qué fixestes por nós no Castro das Seixas?

—¡Boite, o qué vos vay acordar agora!

—Inda nunca nos esqueceu pra que deixemos de telo un soilo momento presente.

—Pois morra o conto. ¡Eu si non fixen nada, non hay qué agradecerme; si fixen algo, moito fixen demáis! Pero agora, podendo ser, quiríalle unha palabriña á Beringuela.

Andaba ela gavexando pol-a casa adiante, e tan pronto lle veu o recado, presentouse na visita. Retiráronse os pais, e quedou ela soila con Fernán Vázquez. O cal, despois d'un momento de silencio, en que amostrou ter non menos trabado o esprito que a léngoa, rompeu ao finá falar na maneira siguente:

—Trayo para vos unha encomenda, e tráyovola como quen ven arrasto. Xa son vello, e vós ben vedes cómo vou mirrando á todo paso pra as engurras, qu'a delor e os anos non se compran; téñome visto en moitos lances e apertos de todas sortes, pois non é porque eu o diga, pero á poucos conozo que tivesen unha vida tan arrastrada e tan traballada como a que eu tiven, e eso que pol-a misericordia divina nunca me faltou un pedazo de pan. Mais por eso, que mo creades, que no-mo creades, nunca me vin tan acorado, nin con tantas tentacións de retroceder e de largarme pra a casa, ou para un monte, coma na acasión presente. Nunca me cansei d'andar ao retrouteiro, ben-o sabe Dios; pero desta vez paréceme qu'as pernas se me quedan baradas e tolleitas, qu'o folgo me falta, e que as palabras se me callan e engalatan na gorxa.

Si eu non vos conocera tan ben como xa de vello vos conozo, nunca eu collera esta encarga, por moito que lle pesase ao Sr. Gonzalo Ozores; pero a bondá do voso caraute, o acaída que sodes an razón...

—Pero ¿qué encarga e esa que tanto vos fay tecer e cavilar? —perguntou Beringuela.

—O señor Gonzalo Ozores non é home que se atote por causa ningunha deste mundo; pero mil vidas que tivera, mil daría antes que vir ond'a vos con ela. Mais vamos ao caso. Non sey si saberedes que fay dous ou tres días chegou á Curbián o Sr. Alvaro Páez de Soutomayor. Trouxo consigo á a sua filla D.ª María; e por canto non se lle meteu na cabeza o facel-a casar co señor Gonzalo Ozores.

Como non iñorades, moito é o que lle debe o Sr. Gonzalo Ozores ao Sr. Alvaro Páez; anque o de Soutomayor fora seu pay, non podía facer máis por él do que fixo. Pol-o consiguente, ¿qué arredas, qué escusa lle iba á poñer o Sr. Gonzalo á estes deseyos, á esta porposición que despois de todo non tiña nada de descamiñada, nin por qué houbese que reprochar? ¡E ainda si fora esto soilo! Mais, todol-os vasallos de Curbián así que viron a D.ª María, todos deron en decir á a unha, ¡qué boa compañeira pra o Sr. Gonzalo Ozores! ¡Mesmo parece que a mandou Noso Señor para encher e alegrar esta casa! ¡Qué matrimonio máis parexo non farán! E estes ditos, e estas acramacións repítenas

á cada hora máis pol-o craro, desque se decataron das intenciós do Sr. Alvaro Páez.

Eu, do riquismo que é e poderoso o señor de Soutomayor, da sua fachenda e dos seus fumes, non vos quero dicir nada, porque é púbrico e notorio en toda a Galicia; como tamén o é que as casas de Soutomayor e d'Ulloa por ahí se xogan, e que, sinon son d'unha mesma igoaldá, pouco será o que esquipe unha da outra. E xa comprenderedes o que lles na de contentar aos vasallos da casa d'Ulloa o que o seu señor s'acomode cunha dona da sua igoaldá, e que na sua man non decaya o nome e a sona da sua nobre casa (1).

Nengunha destas razós e máis d'outras que eu poidera dicir e remexer se lle esquece ao Sr. Gonzalo Ozores; pero máis elas foran, que él por nada deste mundo se estrevería á faltar no máis mínemo aos compromisos que con vos ten. Por eso mandoume ond'a vos pra que vos enteirase e puxese ao corrente de todo. Si eu fose á pintarvos agora a pena e a turbaçón...

—Escusades molestarvos máis —enterrumpeu á esto Beringuela— porque xa estou de volta de todo canto queredes contarme. Dicídille á voso señor que faga conta de que eu para él non esisto, e de que estamos como si nunca nos víramos nin faláramos. E non digo esto por despeito nin por rancura, pois sempre percurei conformarme ca miña sorte. E pra certificarvos desto e para qu'así o poidades dicir á voso señor, vouvos á dar a mayor proba que de min se poidera asixir.

E esto dito, foyse ao seu cuarto, abreu unha arquetiña de chapas de marfil que tiña sobre da mesa, sacou dela aquela mesma carta que lle guindara o propio Fernán Vázquez pol-o bufarro do calabozo, e volveu con ela na man dicíndolle ao entrar pol-a porta ao amo de Gonzalo Ozores:

—Supoño que conoceredes este papel. Aquí tendes o nomo do voso señor.

E sin máis, arrimouse a unha fiestra que estaba aberta, e comezou de poñer a mensiva de Gonzalo Ozores en miudos anaquiños, que o vento iba levando e esparexendo pol-o espacio.

---

(1) Naquela época escupulábase e reparábase moito nesto de que a condición d'un novio e máis d'outro fora, en canto poidese ser, a mesma. Moito desto é discurrido; pero en proba do esauto das miñas apreciacións citarei o feito de Gómez Pérez das Mariñas, o cal, aló á mediados do sigro XV, porque a sua filla doña Costanza contraxo matrimonio co cabaleiro Fernán Pérez Parragués, tanto se asañou e tal carraxe tomou, porque lle paricía que o novio non era da igoaldá da sua filla, que dempois mentres viveu, sempre andouvo de loito e trajía de cote cuberta a cabeza cun capucho. Así nol-o dice Vasco da Ponte.

—Razón tiña eu —dixo Fernán Vázquez algo barado asemade a veu naquela aperación— en non querer vir diante de vos con esta encomenda, para presenciar este cadro, en que me rachades a alma como rachades ese papel. Moito do que vós erades xa eu o tiña pra min; pero nunca sospeitei que á tanto chegase o tempre da vosa alma.

Mais Beringuela, así qu'acabou de facer fiñascos a carta, sentouse á unha mesa que estaba na mesma cámara, púxose á esquirbir a carta que vamos á ver, non sin dicirlle antes á Fernán Vázquez:

—Por si non basta o que vístedes e oístedes, para que voso Señor quede máis conforme, quero poñer aquí unhas catro letras.

«Señor: a acesa pasión, que eu desque vos vin e desque soupen a vosa estoria, sintin aló no máis fondo do meu peito, sempre foy miña intinción gardala sacreta antre os pregues máis escondidos das miñas entrañas, sin que á alma deste mundo lle quedara resquicio para que poidera apelumbrala. En vós pendeu, señor, que ela se manifestara, e se manifestara máis do convenente. Si, pois, é voso gusto, ou máis, si á vós compre que ela volva ao escondidixo, d'onde nunca debera de haber saído, comigo a enterrarei; que nunca quixen que os latidos do meu corazón fosen contra o xeito dos do voso. Como ben sabedes, señor, non é esta cousa que sofra partillas, nin compartos; quer vivir enteira, ou morrer enteira. Eu perferín esto último; pois pra min sempre siría un agudo cravo o haber sido impeditivo pra que vós poidésedes poñer o voso corazón onde máis vos prouguese. Delo poderá certificarvos voso criado Fernán Vázquez.—Beringuela».

Concruída e dobrada a carta, púxolla na man á Fernán Vázquez; o cal hachábase tan confuso que lla colleu tatarañando.

—Cando vin pra aquí —dixo— non había pernas que me trouxesen; e agora que teño que marchar, non hay pernas que me leven. En todal-as encargas que se me fixeron, que foron moitas, sempre foy pra min unha gran satisfaución, e era natural, o salir co meu intento. Desta vez socédeme todo o contrario; e a boa ventura que tiven ca miña encomenda é sogueira que m'esgaza a alma. E yé, porque sinto agudos remordementos; sinto remordementos, pois eu cas miñas palabras fun o coitelo con que consumástedes o voso sacrificio.

Mentras o amo de Gonzalo Ozores se estaba espresando desta maneira, Beringuela como maquinalmente arrimouse á a fiestra, colleu unha rosa que tiña presa no cabelo e foyna piniscando folla por folla, hastra que non lle quedou máis que o carozo, e logo gardouno no mesmo sitio d'onde sacara a carta.

E volvendo á a cámara, contestándolle ao caso á Fernán Vázquez díxolle:

—Non é sacrificio; é poñerme no camiño, d'onde eu certamente nunca debera de haber saído.

—Ese non é o meu feito; tanto non é meu feito, que nunca me parecéstedes tan grande e tan dina como agora. A vena que teño eu do voso sangre non-a cambiaría pol-a mellor de calquera. Podrán outras levarvos mayorsía en verbo de riquezas, ou de nome, ou de xerequía; en outras prendas e calidades poucas vol-a empatarán. E non-o digo por engaratusarvos, que podo dicir que nunca tiven esta chata, sinon porque o sinto con toda verdá.

Nin miga d'infinximento había en todo o que dixera Fernán Vázquez. Dispideuse, pois, cas mellores razós que pudo e lle acertaron á vir á a boca, e como si o tiraran por unha corda, foy á dar parte ao seu señor do resultado da sua embaixada. E nafeuto, cunha corda iba amarrado o boo do home, cunha corda feita de tres cabos, o respeito, o cariño e a prontitú con que sempre se acustumara á obedecer ao seu señor.

Con esto, ao prazo convenido pudo Gonzalo Ozores dar a resposta que se lle pidira; e d'alí á un mes celebrar o seu casamento ca filla de Alvaro Páez. Ao seu finamento enterráronse ambos e dous en Sobrado, D.ª María ao pee do facistol do coro baixo, si mal no me alembro. Deixaron un fillo, Lope Sánchez d'Ulloa.

Órasme Beringuela tivo a probe que buscar outro acomodo; e parece que houbo indicios de que non perdera no cambio. Non foy, non, a águia do Pambre; máis ben, sí, pomba piisma nun escuro, pero agarimoso pombal.

ENGADEMENTO A A LEENDA

Unhos nove ou dez anos despois dos acontecementos con que comenzámol-o noso conto, nunha mañán bretemosa d'Outono, á cousa das dez, arrentes da cerca do convento de San Cristobo de Dormeá iban trotando tres xenetes en tres cabalgaduras, que ben podían dicirse señoras cabalgaduras.

Erguíase o mosteiro, convertido hoxe en eirexa parroquial, no medio d'unha mimosa veiga regada pol-o Iso, a cal, rodeyada como esta ba de altas e rapadas montañas, paricía un estenso xardín posto alí á a mantenta. Fora fundado no ano 1152 pol-a condesa D.ª Lupa, filla do conde de Traba, D. Pedro Froilaz, e muller do conde de Monterroso, D. Munio Peláez; é dicir, a eirexa xa a había, pois sona nun decumento do mosteiro de Cinis do ano 1063, co nome de *Dormiana;* o que fixo doña Lupa foy agrandar o adificio e poñer alí unha cumunidá de monxas de San Benito, que estivesen adicadas ao servicio e á as alabanzas divinas e máis á pidir á Dios por ela e por toda a sua xente. Firmaron a esquirtura de fundación os cinco fillos de D.ª Lupa e máis os seus dous hirmáns D. Fernando e D. Bermudo, restoiradores do convento de Sobrado, e tamén o Arcibispo de Compostela. Cinco anos despois desto o Rey don Fernando II confirmou a fundación e encotou os diestros do convento pra que ningún xuez, nin outro ninguén non entrase neles sin ser chamado pol-o moordomo do couto. No tempo dos Reis Católicos xuntaron este mosteiro co de S. Payo de Santiago.

Mais volvendo aos nosos xenetes, o que iba diante era todo un cabaleiro. Montaba un cabalo bermello ou alazán, que palillaba as patas, que paricía que no-nas pousaba no chan. De pes á cabeza iba cuberto d'aceiro, tan puído e relucente, que se podía ver a cara nél. A continencia desto eran os arreos da besta: silla á a xineta cos estribios ben altos; freno, cabezada e petral adornados de bullóns e colgarexos de prata; galdrapas de terciopelo verde con galóns e bolras

d'ouro e bordados os quince escaques dos Ulloas, divididos cada un por tres faixas azules. Detrás, nun faquiño bayo iba un pícaro garrido coma un caravel, que anque escapullido tendría, á todo têr, de oito á nove anos. Vestía un xubón e unhas calzas de terciopelo verde abotoados con corales; calzaba uns borciguís altos e puntagudos de piel dourada, e na cabeza levaba unha gorra de terciopelo da mesma coor verde, adornada cun galón d'ouro e cunha pruma encarnada coma a graa. A sua besta iba tamén ricamente aparellada cun gran caramiñol de seda na testa, pero levaba silla rasa ou á a brida. O terceir xenete viña nun cabalo negro como a acibache, e anque iba tamén de ferro, por eso a sua armadura non era tan relumbrante e compreta coma a do pirmeiro. A sua besta iba arreada con silla de cadeiras e pol-o consiguente con estribios largos.

Así que chegaron á a portaría do convento, apeáronse os tres; e mentres o cabaleiro que iba detrás quedou fora reparando pol-as bestas, o outro cabaleiro, levando da man ao rapaciño, meteuse dentro do portal, que era espacioso e cuase cadrado, hastra chegar á a roda ou torno que estaba nun recanto do portal. Dou unhos golpes ca man dicindo ao mesmo tempo: —¡Alabado sea Dios! —Por sempre sea bendito —lle contestou logo a porteira desde dentro—. E como él lle perguntase si se podería ver á a fraira D.ª Beringuela, respondeulle ela que iba á avisala insiguida.

Ao pouco tempo apareceu de novo a porteira na gradicela que estaba acaron do torno, dicindo que D.ª Beringuela iba á baixar. Por eso inda tardou; e o cabaleiro, pra entretêr o tempo, trabou conversación ca porteira, perguntándolle, antr'outras cousas, si D.ª Beringuela se afixera ben no convento.

—¡E non había d'afacerse! —contestou a fraira—. É a alhaxe da casa. Ela borda, ela cose, ela barre, ela cociña, ela frega hastra os pisos si é perciso, e, en fin, fay todol-as labores, desd'a máis fina e esquisita hastra a máis baixa e ordinaria. E sint'esto, ela canta e salmea coma un ánxel, ela toca o clavicordio e asiste ao coro con tanta puntualidá, con tanta homildá e recollemento que adifica e move á a devoción. E logo pra todas ten palabras de amor e de agarimo; pra todas é tan querendosa, que ningunha de nós pode estar triste nin afrixida con ela. Cando ve algunha así, tómaa da sua man, e mentras non se convenza de que se esparexeu e disipou aquela nube de tribulación, non para, nin descansa.

Tal é a bondá da sua alma e do seu corazón, que parece que toda ela despide un vao de unción e ternura que á todos atrae e anamora.

Soilo para sí non sabe sinon têr palabras duras e aldraxosas. Cuase sempre, cando ten vagar, non se acupa noutra cousa que en alabar e ponderar a misericordia que Noso Señor usou ao adimitila e darlle pousada esta santa casa á ela, que era o refugallo do mundo e de quen o mundo fixera rastollo. E esto díceo con tal fervor e con tal esprito e cont al compunción, que á nós todas déixanos baradas e confundidas.

Toda esta conversación pasara na gradicela que servía de estrema á a clousura. O cabaleiro, sin soltar da man ao picariño, todo estivo oindo con moita atención, pero ao mesmo tempo sin dar mostra de que lle causase estrañeza ningunha das cousas que se lle refirían da fraira Beringuela.

Mais por fin, despois d'un anaco, apareceu tamen na gradicela a fraira por quen perguntara o cabaleiro. Nin ca cinguida touca, nin co velo, nin ca ancha cogula, nin co escapulario, se despintaban as fauciós, o porte, os además de Beringuela; antes ben, aquel vestir grave e maxestuoso dáballe máis realce e aparencia. Ao chegar, dirixeu unha ollada ao cabaleiro e outra ao pícaro; pero o ver á este e botárselle encima e querer comelo a bicos á través da grade, foy todo un. Poucas veces se viría unha esplosión tan espontánea e tan intensa de cariño, como a que alí tivo lugar. Mais de pronto, como si fora movida pol-o istantáneo impulso d'un resorte, cesou na sua aperación e púxose direita, ao mesmo tempo que unha nube de rubor e amargo sentimento lle cubría e toldaba o rostro.

O cabaleiro, que á todo esto estivera mudo e como estático, saludouna cortesmente; pero dempois non ousou pernunciar palabra; ¡tal foy a turbación e o anoto que o atuira!

A fraira, como pra sacalo do seu aturrullamento, perguntoulle cómo iba a obra de Pambre. Mais, cal si esta pergunta fora un puñal invisibre que se cravara no máis sotil e delicado do corazón, de tal maneira descompuxo ao boo de Gonzalo Ozores, e xa non deixaremos de chamalo pol-o seu propio nome, que páledo e lívedo como un calabre, pra non caer tivo que collerse á un dos paus da gradicela. E a fraira fixéralle aquela pergunta sin máis intinción que a de darlle pee á él pra saír do seu atoamento; pero foy espertar o recordo de certas ideyas, de certos sucesos que quixera él ter ben esquencidos, e que naquelas circunstancias eran pra él outros tantos aguaciles e pergóns que o acusaban e axecutaban pol-o que máis podía ofender e lastimar á un cabaleiro, abichornándoo e sonroxándoo como aleve e fementido.

Beringuela procatouse pronto da turbación e congoxa porque esta-

ba pasando o cabaleiro; e ainda quixo ir correndo á buscar algunha maeciña ou cousa das que se usan nos pasamentos.

—Non é nada, non é nada —ripitía él enxugando co pano o sudor frío que lle bañaba a frente—. Quizaibes o vir sudando e despois quedar parado foy o que me perduxo esta especie de vaído.

A fraira con moito disimulo e coma quen non ve de qué sofocarse, mudou de conversación e foy dando dunhas cousas noutras hastra que lle perguntou si consiguira que lle volvesen os estados da Ulloa.

—Por agora inda estamos na mesma —contestou él medio encotomiñado, anque xa algo reposto do aperto que levara—; pero teño palabra certa do Condestabre de que m'os ha de volver, e aspero que m'a ha de comprir, moormentes agora que casou ca filla de D. Alvaro de Castro.

—O Condestabre sey que é home pra facelo, pol-o que dél teño oído dicir —ouservou ela—; pero por eso élle d'agradecer a aución, pois poucos farían outro tanto.

Así estiveron un pouco parolando de cousas indifrentes, hastra que, como viña chegando a hora do rifitorio, Gonzalo Ozores tratou de despidirse, pra o cal quixo coller no colo ao picariño para presentarllo á a fraira. E foyno á coller á tal punto, que él acababa de facer unha aperación ca que estivera moy enfaenado. E fora que como á él lle chamara tanto a atención o hábito da monxa, moormente as mangas, púxose moy afouto á atar a punta d'unha delas contra os paus da gradicela c'unha baraza de seda encarnada que sacara do bolso. Cando Gonzalo Ozores se decatou, non soupo si rifarlle, si rîrse; pero reparando que Beringuela estaba tan embobada contemprándoo, tamén él acabou por sonrîrse, e tomándoo, ao fin, no brazo:

—Quíxenvos trajer este mozo —dixo— pra que véxades que guapo e que garrido está. Pra todos é un encanto; todo o mundo ten na boca a Gonzaliño, pois como él é tan estrebillante, que parece que ten o formigo, non hay ninguén con quen non vaya á bater, nin ninguén que non teña que ver con él.

Mentres o cabaleiro así se espresaba, Beringuela baixando a cabeza como si lla afundira o peso d'algún grave e triste recordo, colleu maquinalmente a manciña do neno e bicoulla unha e máis veces ao mesmo tempo qu'unha grosa bagulla se lle desprendía das perfebras. E logo, con certo acento cheo de solenidá e melanconía, iñideu:

—Eu paréceme, que en canto en min estivo, fixen o que era de miña obligación. Resta que vos cumprades ca vosa. E ao dicir esto miraba fixo, fixo pra o pícaro.

Gonzalo Ozores, apertándoo máis contra o peito: —Este, éste —dixo— sempre ha de ser un Ulloa.

E con esto, despois das saúdes d'adoito, separouse d'alí algo barado e inda parece coma encollido e avergonzado, e encamiñouse pra onde deixaran as bestas, e montadas que as houberon, botaron á andar pol-o mesmo camiño que trouxeran.

¿Cómo e descantá esta Beringuela naquel convento? poida que pergunte algún leitor, si é que lle dou á peta de chegar hastra aquí. Pois foi que os desengaños que levara co conto do casamento de Gonzalo Ozores, non deixaron de causar nela o seu efeuto; e a probe da muller, por máis que fixo, non poido disimular que aquel axe, ainda por ela hastra certo punto consintido, chegáralle á dentro da alma. Pra ela, para quen neste mundo non había outro home coma Gonzalo Ozores; pra ela, que en Gonzalo Ozores tiña embutida a mitá da sua alma, têr, cuasimente no punto en que ela estaba máis chea e afouta con este pensamento, que cachear os máis fondos rincóns do seu peito e arrincar ela pol-a sua man o máis miudo recordo d'aquel home que hastra estonces fora a imaxe e prenda da sua soñada filicidá, ¡foy un trago, un solimán que lle eempezoñou as entrañas e lle puxo o sangre como fel! De alegre, lizgaira, souril, algareira e conversibre que era, dou en poñerse mucha, ensemismada e engoumada, como si quedara orfa d'aquela vida e animación que denantes lle estaba sempre buligando dentro.

Moitas veces víralle ao pensamento o deixar o mundo e retirarse á algún mosteiro; pero logo empezaba á cavilar con qué cara iba á pedir que a adimitisen antre as monxas á ela, que, á ben ser, non era máis que un aldraxo, dina soilo do desprecio de todos, á quen o mundo acababa de dispidir cun couce.

Nesta pelexa e congoxa estivo ela xemendo un ano largo; mais un xueves santo foy, como de costume, á Sobrado á recoller a bola bendita que naquel memorabre día repartían no convento á todos cantos fosen por ela; e tanto a comoveu o espeutáculo que ofricía aquela infinidá de xente de todas crases e condicións, que ca mayor reverencia e agradecemento recollían aquel pan e marchaban tan ledos con él pra a casa, que todol-os seus temores e receos se esparexeron e desvaneceron coma o fume. Para todos sin distinción houbo pan —iba ela ripitindo para os seus adentros ao retirarse pra a casa—; tamén pra todos sin distinción ha de haber amor e misiricordia. E logo, erguendo os ollos ao ceo, cada vez máis comovida, continuaba: —¡Ay Señor, por piedade, non desbotedes do voso paterna seo este pequeno átimo,

no cal vós con tenrura e agarimo propios soilo d'un Dios gravástedes a vosa sobrana imaxe!: Non busquedes agora nél a vosa divina semella, que eu ¡torpe de mín e ingrata luxei, afeei e cuase borrei!; mirade aos meus remordementos que son á a vez o pasto e o roedor diario da miña alma. ¿Por qué o meu corazón ha de ser tan frío e o meu sangre tan froxo que non salte en bágoas para amostrar o meu arrepentimento?

E desde aquel día xa non pensou noutra cousa que en ir aviando todo o perciso para conseguir o seu ouxeto. Unha gran dificultá se lle atravesaba diante: e era o outêr o consentimento dos pais, que non quirían oir que Beringuela os abandonase o se separase deles. A a nay non lle costou moito traballo o convencela; pois como ela era tan boa alma e tan boa cristiana, non tutubeou en ofrecer á Noso Señor o sacrificio de canto máis amaba e quiría neste mundo. Corda, á dicir verdá, no corazón non houbo unha que non lle quedase sintida; pero cando a apertaba a pena e a africión, percuraba restoirarse co bálsamo que lle proporcionaba o recordo da angustia porque pasaría Nosa Señora ao entregar por noso ben ao seu Santísimo Fillo.

Ao pay achouno máis duro. Moito tivo que moler e matinar antes de chegar á consiguir que poidese ouvir sin asañarse que Beringuela quiría facerse fraira. Mais ela, como era tan liida, sacáballe mil testos e mil enxempros para abrandalo e facelo vir á as boas. Antre outros, citáballe o feito d'aquel antigo xuez do poboo d'Israel, chamado Jephté, o cal, por medo de non ofender á Noso Señor non dubidou sacrificar á a sua filla única Seila. Así, unha xeira despóis doutra, foyno ao fin traendo ao rego. E escusado é dicir, que tan pronto ela veu reducidos e convencidos aos pais, cada día que pasaba, tardáballe un sigro mentres non dou todo aviado pra ir para o convento.

E aquí ten o leutor cortés, cómo e por qué topamos a Beringuela de fraira en Dormeá.

Mais ¿cál era aquela obra de Pambre, a pergunta da cal tanto tilín lle fixo á Gonzalo Ozores que o deixara barado e cuase esmorecido? Esta obra era a do castelo de Pambre, do que él tanto lle falara noutros tempos, en que o mundo para eles se presentaba tan cheo de ilusiós e das máis engaratusantes e comprometedoras aparencias; a obra d'aquel castelo no cal algún día Gonzalo Ozores se figuraba ver á Beringuela como águia no seu niño.

E nafeuto, Gonzalo Ozores puxérase á a obra xa facia tempo, e levábaa boa d'arrematar; pois compríalle moito o estender por aquela parte a rede das suas fortalezas pra asegurar desd'alí as comunicacións

cas terras que tiña da outra banda do Ulla, e máis para têr arrecadados aos de Millí.

E tratándose, como se trata, d'unha obra en que tanto se esmerou Gonzalo Ozores, e que tanto se relaciona co noso conto, no me levarán á mal os meus leitores que eu queira dicirlles algo de tan famoso adificio.

Levántase nun polmontorio que se avanza de Sudeste á Noroeste sobr'o río Pambre. A ladeira, que mira ao Nordés, está cuberta d'arbolado, e d'erbeiras, e parece un terreno tan boo, como si poidera dar o azafrán; pero a d'outro lado presenta un paisaxe do máis hórrido e agreste que poida maxinarse. Si gustades dél formarvos alguinha ideya, fegurádevos un descomunal curizo cuberto, en vez de pugas, de agudos e disformes peñascos. No fondo vese o río correndo mal a gusto por antre un leito de penas e croyos e salpicando escuma por todas partes.

A cabalo, pois, deste polmontorio érguese o castelo coma un fero e soberbio xigante, ceñudo, de nervudos membros, e que na sua arrogancia pertende que a sua fegura se destaque antr'as nubes. Costa traballo borrar da alma a empresión que se sinte ao contemprar desde abaixo, desd'a ponte de Pambre, aquela masa, non informe, sinon convenentemente arranxada, que resalta sobre o azul do firmamento, imponente, ameazadora e como facendo un mudo, pero solene requirimento.

Esto que digo esprimentámolo ben esprimentado, uns cantos amigos nunha acasión que se nos presentou, ou máis ben buscamos, de ademirar desd'a susodita ponte aquel formidabre conxunto de rimas de pedras tan ben entre sí trabadas e tan irtas e direitas como velas. Mais, por eso, non tomamos á mala parte o emprazamento; antes ben, subindo pol-a agra ladeira Nordés do polmontorio, ansiosos e ufanos, como quen quer corresponder ao desafío dun cortés amigo, siguindo as voltas que vay dando o camiño ao consolante do tarreo, fúmonos chegando ao castelo para ver máis por miudo a sua dispusición e as suas formas.

Xa no cruto do monte, despois d'unha subidichiña pouca, atravesamos unha ponte pequena, e logo unha porta flanqueada de recias troneiras, aberta no primeir recinto fortificado; e sin máis vímonos dentro d'un irregular e estenso patio ocupado noutro tempo con almacéns, casetas, cortes e outras dependenças, hoxe cun mal horrio e tal cal pendello medio desasurado (1).

(1) Xa indicamos noutro sitio que no patio quedara incruída a antiga eirexa parroquial de Pambre.

A un lado do patio érguese o castelo propiamente dito, o cal háchase dividido en dous ricintos, un central, e outro estrior que o rodeya. O central ven á ser unha gran torre de pranta cadrada de 10 metros e 80 cents. por lado, medidos pol-a parte d'afora. O altor ha de chegar hastra vinte metros, sin contar as almeas. Compoñíase de catro altos; pero dos sobrados que os separaban, non quedaron máis que os canzorros en que pousaban as trabes. A porta de entrada estaba ao nivel do primeir piso, ou seya á catro metros e setenta cents. do chao; de modo que para pasar adentro, había que subir ao sobrado do recinto estrior que rodeyaba a torre; o cal sobrado, como é de supoñer, nesta parte debía ser unha trapa para cortar o paso cando fose perciso.

Dábanlle luz tal cal estreita fiestra, distribuídas non con moita simetría, unha en cada piso; por eso, unha delas ten dous huecos, coma as aximezadas, separados por unha culuna; e cerrábase con duas follas de madeira corredías antre duas pestanas salentes que inda hoxe se ven d'afora, unha enriba e outra abaixo da ventaa.

As puntagudas almeas son voladizas, e fúndanse nunha moy salente fileira de rebustos canzorros que rodeya toda a coroa da torre.

As paredes teñen tres metros de ancho; pero conforme van subindo, van morrendo, de sorte que no máis alto soilo tenderán dous metros ou dous e medio de espesor. E de creer que no gordor das paredes estea feita algunha escaleira sacreta para comunicárense unhas cas outras as cámaras da torre.

O que é de adimirar é o ben costruídas que están tanto estas paredes, como as do recinto estrior de que logo falaremos. Os sillares parez que están cortados á navalla da barba: ¡tan ben labrados, tan desempenados e tan ben asentados están! Así é que a edra e outras prantas parásitas trepan pol-os muros arriba, pero sin que hachen moito modo de enfiar nas xuntas as suas raíces. Onde se ve tamén o crusarios que eran aqueles canteiros é nun lenzo de parede do recinto estrior, que inda conserva o marco dun postigo hoxe tapeado, e que cuase todo él está acimentado nun desconforme penedo. Os cortes dos sillares están tan ben aditados cos dentes arregañados do croyo, que pena e parede parecen unha soila peza enteiriza, riscada en sitios para máis ben parecer.

Pasando agora ao recinto estrior, diremos que a sua pranta é un cadrilongo, dentro do cal, pero terciada pra un lado, se levanta a torre. Tiña dous pisos: o piso baixo e mail-o sobrado; que, por suposto, no lado d'adentro fundábase nos muros da torre. Nun dos lados deste

recinto estrior había unha espaciosa cámara cunha gran chaminea, as cambotas da cal apoyábanse en duas repisas en forma de cabezas de nouro.

Das almeas que antigamente o coroaban, hoxe apenas quedou unha; anque sí os salentes canzorros sobre que se erguían.

O que máis chama a atención neste recinto son os catro torreós das esquinas, a pranta dos cales non é redonda como sol ser a da mayor parte dos d'aquela época, sinón cadrada. Compóñense de tres pisos separados uns dos outros por bóvedas de cantería, e rematan con almeas pol-o estilo das da torre grande. O espesor das suas paredes é de dous metros e nove cents.; e o espacio, que encerra cada un, ten dous metros e ochenta e catro cents. de longo, por dous e corenta e cinco de ancho. Escusado é dicir que o blasón dos quince escaques propio dos Ulloas campea por todol-os lados do castelo.

Pero por eso a edra vay consiguindo o seu feito; e axudada da soledá e dos anos vay envolvendo pouco á pouco a torre naquel verdoso manto, que é como a mortaxa dos monumentos sentenciados á perdurabre olvido.

Nun dos pisos da torre grande, e xa me esquecía, arrimada á a parede hay unha gran rolda de pedra, posta non de prano sinon de canto, e sostida antre dous canzorros. Poida que estivese alí pra servir de lareira cando fose perciso, ou quizaibes de trapa para tapar con ela a entrada da escaleira secreta.

Tal é en resumen, o famoso castelo de Pambre; o castelo máis antigo dos que se conservan na nosa Galicia; o castelo en que non poideron fincar o dente, nin os hermandinos do ano 1431, nin os do ano 1467, que, como é sabido, arrasaron toldol-os do noso país.

Non sabemos si Gonzalo Ozores, cando estaba costruíndo esta fortaleza, tendería moy presente na mamoria á Beringuela; pero o que é certo é, que si o nobre cabaleiro se porpuxo levantar alí un castelo que fose símbolo e solene portesta e á a vez escudo da sua lealtá, como en máis dunha acasión llo ripitira á a filla do señor do Vilar, si esto foy, volvo á dicir, o que se porpuxo, consigueuno á as cheas; que mentras os demáis castelos do seu tempo ficaron todos no chan, este permaneceu erguido e direito como para amostrar a firmeza e fidelidá do seu ilustre fundador (1).

---

(1) Esto pudémolo decir cando íbamos esborranchando estas cuartillas; hoxe, do que é mal, xa non podemos dicir outro tanto.

O castelo de Pambre foy vendido; foy vendido para poderen aproveitar alguntas pesetas que poideran dar os seus sillares voando pol-o aire ca dinamita. Quizaibes sea fada da nosa época o borrar todol-os recordos groriosos que nos quedan d'outros tempos.

Agora pra poñer o ramo á a obra, enxirirei nesta derradeira páxina unha carta do boo de Gonzalo Ozores, contida nun decumento que ten no seu poder un dos amigos á quen adiquei esta probe ringuiolada.

«Sabean todos quantos esta carta viren como nos don frey Afonso Eans, abbade do mosteiro de Santa María de Sobrado por nos e pelo convento do dito mosteiro, sendo eno dito mosteiro e en mina camara arrandams e aforamos a vos a vos (*sic*) escudeiro que sodes de Gonçalvo Osores por poder de hun alvala do dito Gonçalvo Osores de Hulloa escripto en papel e rrobrado de seu nome, según por él parescía; do qual o tenor a tal he:

«Don Abbade de Sobrado, eu Gonçalvo Osores vos envío fazer a »saber, que dos tres casares que abedes de aforar a Gomes Conde, que »lle ponades de Renda en cada casal duas faneygas de pan en cada hun »ano e non mays; e douvos poder que llos posades aforar sen pena »algua por esta mesma rrenda. E non fagades ende al E por (que) »creades, escripvyn aqui meu nome, feyta XX e dous días de setembre »(ano 1391) Gonçalvo Osores».

A TECEDEIRA DE BONAVAL

UN CONSELLO

A eso das duas da tarde de un bretemoso día de Decembro do ano 1543, baixaba pol-o Picho da Cerca. en Santiago, unha vella como de unhos 60 anos, ben limpa e arrombadiña para artesana, según paricía pol-o seu porte. O seu andar era pausado ainda máis do que pedían os anos, e revelaba unha persona fraca e achacosa. E inda non era esto soilo para a probe vella, sinon que paricía que iba moy moito preocupada por algunha triste ideya. Así foy camiñando hastra a Porta da Mámoa entrou na cidá, tomou pol-o cantón da Rua Nova e parouse diante de unha casa do Outeiral, frente á a grande dos Ulloas. Sentouse nun poyal que había á a porta, como para tomar folgo e recollerse en sí cos seus pensamentos, e logo preguntou á un dos mozos que entraban e saían si estaba o siñor Rodrigo de Bendaña, e pideulle que lle dixese que estaba alí Catalina, a tecelaa de Bonaval, que lle quería unha palabriña. De ahí á un boo pouco saeu o mozo correndo, e sin querer mirar para ela, díxolle:

—Que subades.

Sin necesidá de máis introdutor, subeu Catalina, que xa ben conocía a casa, e meteuse nunha espaciosa cámara escasamente alumeada por duas ou tres ventaas, non grandes ainda contando ca engadiga do mainel. Nun dos rincoos da sala, ao pee de unha ventaa e detrás de un ancho bufete, hachábase sentado nun sillón de baqueta, un siñor regordete, vestido de chupa e xubón, cerrado éste por unha larga e espesa fileira de miudos botóns de ambra en forma de abelaa. O qual, así que se adoitou de que entraba a tecelaa, levantou a cabeza, pois estaba escribindo.

—Ola Catalina —díxolle— ¡qué milagre por aquí! ¿Ou vesme á trajer a tea?

—Boas tardes nos dé Dios, siñor Rodrigo. A sua tea está boa de acabar. Na semana pasada non me hacrei nada ben e por esos non-a

puden levantar, pero para a que ven, si Dios quere, xa a verá na casa. Mais agora —continuou Catalina, baixando a voz— si me perdona, queríalle unha palabriña.

—Pois séntate aquí preto e conta.

—Ay, sentarme siñor —porsigueu Catalina collendo un tabolete— fágollo de boa gana. Pois é o caso, siñor, que eu teño unha rapaza que penso de min que sua mercé ha de conocela.

—Sí ben conozo á a tua Tareixa.

—Así dicían os nosos antigos. Agora chámanlles Taresas, todo vay pol-a nova. Pois, siñor, cousa da mocidá, namoricouse dela un mozo da rua de San Pedro, enon-a deixa á sol nin á sombra; pero, como dicen alí, as que me dan non-as quero e as que quero no-mas dan. A ela non lle hay que falar de eso. Parece cousa do anemigo: canto máis derretido está él por ela, ela máis fosca. A min, siñor, o mozo, ainda no-me parece mala comenencia; porque está na casa do siñor Froitoso de Ulloa, e o siñor Froitoso non ve por outro ollo. Dicen que cando o siñor Froitoso foy á Frandes co siñor Emperador, acompañouno este mozo, e alí valeulle á a vida nunha batalla, e que por eso o siñor Froitoso lle ten tanta ley. A min díxome que para cando se case, o siñor Froitoso ha de darlle a maordomía das terras que ten xunto de Caldas. Como sua mercé ve, a colocación non é de desperdiciar, e como para unha nay a maor groria é deixar os fillos ben colocados, maxine sua mercé cánto non eu desearei que a miña Taresa se veña á as boas. Todol-os días de Dios lle perdico e matino, e non consigo nada. Ela oime e escóitame e ponse á mirar para a terra. Pero eu de alí non-a podo desbancar. Moitas veces as bágoas córrenlle fío a fío pol-as meixelas. E cando máis a apuro: —Nunca deixei de darvos gusto —díceme—, pero agora non podo; e reventa a chorar. A min, ao vela así, párteseme o corazón, porque ben me alembro de canto ela debe sufrir ao decirme esto, pois fillas para nay podrá habelas boas, pero mellor, ningunha; nunca tivo para min unha palabra máis alta que outra, e sempre me foy como unha seda.

—Ben me decato —porsigueu Catalina, despois de unha corta parada e enxugándose as bágoas— que ela ten posto os ollos n-outro mozo; pero eu recéome de que sea unha vena que se lle meteu na cabeza e de que despois lle pese.

—¿E ti conoces ao rapaz? —preguntou o siñor Rodrigo.

—Conozo; que, desde fay dous ou tres anos, vive catro ou cinco portas arriba da nosa casa.

—¿E qué sabes dél?

—Eu, a verdá sea dita, nunca mal oín dél, e ainda me parece boo cristiano: o pai era un xastre que vivía na rua da Trinidá, e chamábanlle Roy de Abril; mellor onza de sangre non-a vin. Fai unhos dez anos que morreu de unha frebe. Era fillo d'un toneleiro que poida que inda sua mercé conocese.

—O mesmo dá —interrumpeu o siñor Rodrigo.

—Pero a nay do rapaz sempre foi unna gastadora, unna lareta, e despois unha gran lacaceirona. Dicen as malas língoas que matóu á seu home con coitelo de pau. Así é que agora quedou por portas, e non ten onde caerse morta. Do fillo botaron man os frades de San Francisco, e como él era humildiño e ben guiado, enseñárono a lér e escrebir. Agora dicen que está de escribente do provisorato, e o certo é que do pouco que vay xuntando, van vivindo a nai e duas hirmanciñas. ¿E qué lle parece á sua mercé desta comenencia? ¿Non é cegueira de rapaza querer meterse de cabeza nesta colmea onde non-a agardan máis que fame, miseria, berros, e sabe Dios o qué? A min, señor, fríteme e púdreme a sangue no corpo, que xa a teño máis negra que este pano —e señalaba o que trajía sobr'os hombros.

—E tamén dicen —sigueu, levantándose e arrimando o bico ao oído do siñor Rodrigo— que él é de sangre mol. E ainda non é esto soilo ¡qué oxalá o fora! A min o outro mozo, queixándose da rapaza, xuroume por duas veces que xa que Teresa non é para él, tampouco ha de ser para outro, e que él ha de sacar do medio á quen ten a culpa de que así o desprecien. E eu témome moito, porque ten o xenio moi irto e moi reuto, e disposto é para todo. Agora maxine sua mercé qué tranquilidá podrei eu ter, e qué descanso. Moitas noites se me pasan sin poder pegar ollo, ou, si algo dormo, é para levantarme sobresaltada, vendo pantasmas e visións que me fan poñer os pelos direitos. Perdóneme, siñor Rodrigo, pol-a alma da sua difuntiña e a de todos cantos ten alá, pero eu quería qeu me dese un consello do qué debo facer en caso tan apertado; quería que me axudase á saír desta aflición en que estou metida. Pídollo por todol-os santos, e este sea o primeiro ben que vexa diante de Dios.

E esto ela decía desfeita en bágoas, e sentada xa no tabolete.

—Vamos á ver, Catalina —dixo o siñor Rodrigo un pouco xa comovido— ¿quén ha de ser a que ha de casarse, ti ou a tua filla?

—Siñor... a miña filla.

—Pois xa que dices que o mozo é tan ben incrinado ¿por qué non deixas que ela siga os impulsos do seu corazón?

—Siñor, eu do mozo non teño nada que dicir, e quero que sea un

santo, pero con esto soilo non se come nin se bebe. Eu estoulle para pouco, e quiría, cando viñese a miña última hora, levar siquera o sonsolo de deixar arrombada a miña filla. ¿Parécelle que podía eu morrer contenta con deixala con un home probe como as arañas, que non ten máis ben de Dios que o que eu teño na palma da man?

—E ti, Catuxa ¿fuche feliz con teu home?

—Eu, siñor, mentras meu Vasco me viveu, non me cambeaba por ningunha muller deste mondo. Quixo o pecado, pois outra cousa non pudo ser, que marchase a Italia co Sr. D. Fernando de Andrade, e alí foi deixar os seus osos. Desde entonces para min non houbo momento de gusto. Quixo noso Siñor que quedase esta rapaza para que me soavizase as miñas penas.

—E o teu Vasco ¿era rico ou probe?

—Rico na alma, que máis boo cristiano e virtudoso que él non-o había en todo Santiago; no demáis ¡mal pocado! cando veu para a miña casa non trajía máis qu'a roupa que tiña posta, ou pouco máis.

—E ti, cando estabas en tratos para casarte ¿cambiaríalo por algún príncipe?

—Siñor Rodrigo, qué cousas ten; nin por príncipe nin por ninguén, eu non-o quería máis que a él.

—¿E tua nay qué che dicía?

—Siñor, nay xa non-a tiña, pero penso que me diría o que todal-as nais.

—E eu creo que ti farías o que todal-as mulleres verdadeiramente namoradas, e que quizás non terías de qué arrepentirte. ¿Iñoras ti, Catalina, que a felicidá dos casados fúndase principalmente na igualdá de afeutos e de sentimentos, e na mutua seguridá de ser sempre correspondidos? ¿Cántas veces encontrándose o teu home cansado do seu traballo, ou amargurado por algunha de esas negras penas que nunca faltan en este valle de lágrimas, non correría ampeando para a casa, porque estaba ben seguro de que ti estabas pronta á compartir con él os seus pesares? ¿Tiveche ti, Catalina, mentras estiveche casada, algunha satisfación de que non procurases facer participante á teu marido? ¿Cántas veces non bastando as palabras para comunicarvos ún ao outro os movementos do voso corazón con miradas cheas de inefabre sinificado, non vos manifestaríades o que bulía dentro do voso peito? ¿E non quedábades entonces ambos e dous compretamente satisfeitos e tranquilos, porque ben víades que nada turbaba a prácida corrente de voso amor? ¿E consiguiríades esto si as vosas duas almas non estivesen unidas por un vivificante vencello que filtrase nunha o

que sentía a outra? Si as vosas duas almas es desbotasen unha á outra ¿qué vida sería a vosa? ¿Non ves cómo nun río que corre ora mansa, ora percipitosamente, si duas follas por calquer caso se encontran e traban, marchan despois sempre xuntas porque un mesmo é o impulso e a forza que as move e dirixe? Pois o casamento eche o mesmo. Encóntranse duas almas, duas folliñas, no mar revolto deste mundo; si por ventura elas se traban entre si de maneira que non poidan sentir á a vez máis que o impulso de unha corrente, xa despois nada os separa.

—¿Logo sua mercé quere que a miña fica se case co fillo do xastre?

—Non: eu non quero que se case co fillo do xastre, nin co do zapateiro; o que eu non quero, ou máis ben che aconsello, é que non forces a incrinación da tua filla. E xa que falas do fillo do xastre, creo que sendo tan formal, tan bóo cristiano, tan temeroso de Dios, tan suxeto ao traballo, tan boo fillo como ti dices, tamén ha de ser boo casado.

—¿E logo a miña filla ha de deixar pasar tan boa ocasión como se lle presenta? Mire sua mercé que hastra o Sr. Froitoso de Ulloa o anima para que se case, e dalle mil palabras de que os ha de protexer e favorecer en todo.

—Meu curmán Froitoso, aunque agora dice esto, cando chegue o caso pode mudar de parecer. E si ese mozo ten o xenio tan reuto e tan irto como dín, á a tua filla non lle arrendo a ganancia si se casa con él.

—¿E cómo o vou botar da porta? Como o siñor Froitoso me da moita obra, él, co achaque de ir á ver en qué estado están as teas, non sal de encima.

—Ti non lle dés alas, que xa cansará de mallar en ferro frío.

—E si, por causa da terquedá de Taresa, hay unha morte ou unha desgracia ¿qué vay á ser de nós?

Deixa que nunca ch'é tan fero o león como o pintan; e o pelexo de ún hache de gardar o do outro. Non é esto decir que eu teña intrés por ningún de eses mozos, que tanto conozo á ún como ao outro, pero xa que pides un consello, dígoche e repito que mentres a tua filla queira acomodarse con un home honrado, traballador, temeroso de Dios, e que teño un modo de vivir, non debes poñerlle atrancos nin estorbos nos seus deseyos.

—Diol-o oya, Sr. Rodrigo, pero eu encóntrome moi afrixida e non

sei cómo será. E perdóneme que lle estiven tanto tempo ocupando a casa e rompéndolle a cabeza, pero como todos contan tanto ben da sua mercé, non dubidei de virlle con estas encomendas. Pois xa que me ten tantas veces favorecido, agora non me había de repochar. E hastra que lle veña á traguer a tea, que, Dios querendo, ha de ser para a somana que ven.

TARESA

Logo que marchou Gonçalvo, quedou Taresa como si botara fora de sí un gran peso que a esmiñancase; pero logo se lle veu outro encima de non menor valume. Saltou con ela a nay, e púxoa como unhas nabisas; de sorte que, á a pobre da rapaza, non lle quedou máis recurso que reventar á chorar e largarse do sitio. Mais non lle valeu; porque a nay sigueu apopeándoa, chamándolle desleigada, moscamorta, cabezuda, hastra que, ao fin, cansada de rosmar, acabou:

—Deixa que, cando eu che falte, has de acordarte do que agora che digo; pero estonces has de botal-as mas á as orellas e non che han de sangrar. Ese é o caso que fas de min e dos meus consellos.

Como pode persumir o leutor, por escenas de esta crase tivo que pasar xa de antes moitas veces Taresa. D'aquí á pouco, cada visita de Gonçalvo costáballe un boo sermón e unha boa carda, porque á a nay deixar de entemear pra que a filla correspondese ao criado do señor Froitoso d'Ulloa, sabíalle mal. Así é que Taresa, así que o vía entrar pol-a porta, vía entrar unha nube, apretábaselle o corazón, e xa non pensaba máis que no que a agardaba para despois.

A verdá é, que ela sintía unha repunanza invencíbele para Gonçalvo; non sabía qué turdio encontraba nas suas miradas, nos seus xestos e nos seus además. Empalagábanlle aquelas falas tan aloumiñantes e engatusadoras dél, porque lle parecía que moito de todo aquelo era pintura, solarmería e nada máis. E esta repunanza, tanto máis iba en aumento, canto él temeaba para ganar o seu cariño. Dirase que por esto Taresa non lle facía caso e se mostraba tan esquivia, porque tiña posto o seu corazón noutro; podría ser así, mais penso de min que, anque non fora esto, había de ser o mesmo. Ben é certo que os compromisos que a ataban á Rodrigo, obrigábana á obrar con máis reserva e circuspeución. O esto viña á ser outro dos motivos por qué as visitas de Gonçalvo se lle facían tan penosas e cargantes. O pensar

ela o que podería dicir Rodrigo, si a vira ou soupera que estouvera falando de moito recotete con Gonçalvo, era unha espiña que lle atravesaba a alma: ¡qué tan adentro tiña ela a memoria do escribente do Provisorato! Pudíase dicir que, des que se viran, xa se amaran; que ún naceu para o outro; e que tal foi o molde d'un, tal fora o d'outro. Apenas nunca de palabra se requebraran de amor; pero cos ollos liían ún o interior d'outro. O seu cariño xa viña de vello, desde cando eran pícaros, desde cando saltaban e correteaban cos demáis rapaces da calle; e desde tan tenra edá, xa mostrouse cánto era firme e enxebre. Unha vez estaban eles talourando na calle do Medio, con outros rapaces, e acertou á pasar por alí o señor Pero Bermúdez de Montaos, que levando detrás unha boa escolta d'a cabalo, iban á todo escape. Non sei cómo se lle embercellaron os pes á Taresa, que foy á caer antr'as patas dos cabalos da primeira fila. Veuna Rodrigo, e, sin reparar no que lle viña encima, bótase á ela como un lóstrego, e sácaa arrastro, sin máis mal que algunhas caritaduras na cara e unha boa rozadura nunha perna. Aquelo foy como unha selación; e moitos dos compañeiros de Taresa e de Rodrigo nin siquera se fixeron de cargo do que pasara. Nin a mesma Taresa se daba conta do que lle acontecera, sinon pra botar a man aos síteos onde se sentía magoada e esnafrada, e para ver por qué ainda Rodrigo a tiña collida.

En esto acabou de pasar toda a escolta, e Taresa fixo un esforzo para poñerse dereita e arrimarse contra as casas. Algús dos rapaces que a viran estumballada antr'as patas dos cabalos, correron xunto dela pra perguntarlle si s'había magoado moito; mais ela, que tiña recelos d'outra nova somanta, facía por aguantar e disimular canto podía, limpábase a cara, e dicía que xa lle iba pasando a lastimadura da perna.

Con esto, es demáis rapaces volveron á a troula d'antes, como si non fora nada; soilo Rodrigo non se astreveu á separarse do pe dela. Foy este caso o impulso que xuntou aquelas duas almas, que antes vagaban indifrentes pol-o espacio, sin máis lazos que os xeeraes e comúns. Tiñan á a sazón de 12 a 13 anos, e conforme foron medrando, así foy crecendo ao mesmo paso o seu cariño, e revistindo as formas propias da edá e dos instintos sociales. Por eso, como xa dixemos, apenas nunca se habían falado d'amor, que, gardado e concentrado no seu peito, conservaba toda a sua forza e enteireza, como unha frol conservaría todo o seu deleitoso cheirume, si se encerrase nun vaso pra que non poidese esparxello e derramalo.

Agora, figúrese o leutor qu'eco podrían hachar no corazón de Taresa

as palabras e os requebros de Gonçalvo. A soia presencia deste poñíaa nun contino sobresalto, porque non podía apartal-a idea de que podía vir ao tempo Rodrigo e collela falando con Gonçalvo, que, como de todos era sabido, pretendíaa por novia. E como esto se repetía tantas veces, Taresa, non podendo estar por máis tempo baixo de aquela prensa, tomou unha resolución estrema pra ela, suposto o seu carauter.

Non era moita a frecuencia con que se vían e falaban os dous amantes. A veces, ao ir Rodrigo pra oficina, e casi sempre iba de prisa, encontrábaa por casualidá á a porta da casa, e, ao pasar, decíalle sonrindo:

—Adiós, laberca —aludindo ao aficionada que era Taresa a cantar—, e seguía o seu camiño.

Ela soilo lle contestaba: —Adiós, paporrubio.

Algúns domingos e días de festa, non moitos, tamén se xuntaban con outros mozos e mozas da sua igualdá, pero eles, ao parecer, si non-os descubrira un non sei qué imán, que atraía e derexía as suas miradas, falábanse ca mesma indifrencia con que falaban aos demáis. O mesmo sucedía si pol-a ventura se encontraban n'algunha festa, na casa d'algún viciño ou conocido.

Non hay, pois, pra qué dicir, cánta violencia tivo que facerse Taresa pra saír á a porta da calle, un día que se lle presentou acasión, á a hora que sabía que había de pasar Rodrigo pr'a oficina. O cual, así que a avistou, non tardou en decatarse de que algo grave lle quería manifestar, e co gallo de darlle pée pra que falase, díxolle así que chegou preto dela:

—¿Qué milagre ti por aquí?

—Dios lle perdone á quen me ten a culpa destes milagres.

—Supoño que non serei eu. E logo ¿quén te fixo tan milagreira?

—E ti ¿non-o adiviñas?

—Xa sabes que non teño esa virtú. O que che poido facer é tirarche da léngoa pra que fales.

—Pois, logo, falarei —repuxo Taresa, algo imutada—. Anque ves aquí na casa tantas veces á algún, non penses que é pol-o meu gusto. Soilo Dios sabe cánto eu sufro cando o vexo diante; e a miña pena máis grande é que ti penses outra cousa. Pero eu non podo facer máis pra desbotalo. Teño que aguantalo como se aguanta un cravo que atravesa a alma: e esto soilo cho digo pra que ti non penses que eu mudei e non son a d'antes.

—Nunca se me ocurreu que ti poideses deixarme por outro. Esto

non quere dicir por eso, que eu non prefirise que as nosas presonas vivisen xuntas, como viven as nosas almas; pero hay que conformarse ca nosa sorte, e asperar hastra que Diol-o queira.

Taresa, comovida, non pudo conter unha bágoa que lle rodou por unha das perfebras, nin reprimir a seguente esclamación que se lle escapou do íntimo do seu peito, arrastrando todo o fogo da sua alma:

—¡Ay, Rodrigo! ¡Cándo se acabarán as nosas ansias! ¡Cándo tendrán trémiño as nosas penas!

—Tes razón; pero Dios é pai, e ben ve canto sufrimos, e ha de nos dar remédeo aos nosos males. O que a nós toca, é facernos dinos co noso sufrimento, de que se abrevie a hora da sua misericordia. Mira, nunca a virtú che foy nome van, como che pensan moitos, e, o que está arriba nunca che deixou de mirar pol-os que en Él esperan. Teñamos entramentres pacencia, que quizaives, cando menol-o pensemos, chegará o día suspirado. Vaya, adiós, laberca, que xa me é tarde... E botou á escape pol-a calle abaixo.

Non sabemos si este despidirse tan de súpeto de Rodrigo, sería pra encubrir a sua emoción e ainda o seu azoramento. O certo é que todal-as ideyas, todol-os afeutos que lle fixo avivecer a conversación de Taresa, xa había tempo que eran pasto casi contino, ben que degaxante, da sua alma. ¡Cántas veces chegaran con ímpetu hastra os seus labios, desde o fondo do seu peito, as mesmas escramaciós, as mesmas aspiraciós en que ouvira prorrumpir á a sua amada! ¡Eran ecos d'un mesmo sentimento; eran vibracións d'unha mesma corda! Mais él, non podendo facer outra cousa, parábase e poñíase á revolver os miolos pra ver de hachar medio de chegar ao seu ideyal, que era o casarse con Taresa. ¡Cántas voltas lle daba au asunto pra poder aviscar e atrapar o cabo d'aquel tan cerrado movelo! ¡E sempre en van...! Cando chegou á reducir o diífil e intrincado problema, aos solos tres puntos ou medios que había de solución, xa lle parecía que consiguira unha gran cousa.

Os cales tres medios eran os seguentes: ou poñer os dous casa aparte, ou ir él pra a casa dela, ou vir ela pra casa dél. O primeir medio parecíalle pouco aceutábele, porque ¿cómo iba él á deixar á sua nai, enferma, e á as duas rapazas, suas hirmáns? ¿Podería atendelas como estando na casa? De ningún modo. E esto, dando por suposto que tivesen o neecsario pra establecerse.

Podía Taresa vir pra casa dél; máis ¿cómo facer, pra aislala á ela das continas tarifas e liornas, que alí por desgracia sempre o tiñan abrouxado? ¿Quén lle aseguraba á él que a vinda de Taresa á a casa,

non fose para aumentar, ainda sin querelo ela, a desconcordia? —Non, —concluía él, desbotando xa un pouco amoscado este medio— pra sufrir, basto eu.

Quedáballe soilo o último medio; pero entre outros enconvenientes, éste tiña o de saber él que non lle entraba pl-o ollo direito á a nai de Taresa, e eso que ésta nunca se clareara de todo sobre o particular. Mais a él bastáballe ver as nésporas con que sempre lle falaba Catalina, a cal, algunhas veces, non lle deixou de poñer bos beizos.

Non-o ensouliñaba, pois, moito par'o caso, a prespeutiva de encontrar sempre naquela cara de pau, de ser él tal vez a mazán da discordia; o cal, por propia esperencia, ben sabía o qué era.

Esto, unido cas outras razós, fixo persuadir de que este último medio tiña tan pouco xeito, como os outros dous. E hastra aquí chegaba nos seus discursos e matinamentos, pero d'aquí non pasaba. Por onde él concruía que había que poñerse nas mans de Dios, e asperar á ver si s'abría algún camiño que o fixese arribar ao término deseyado.

Pol-a sua parte, Taresa, ao que desapareceu Rodrigo, retirouse pra o seu tear, non temendo xa pol-o que á aquél tocaba, as visitas de Gonçalvo. Non esbafou, por eso, toda a repunanza e todol-os receos que aquelas visitas lle causaban. É certo que pol-o que podía pensar Rodrigo, podía estar tranquila, pero quedaba en pe o que eisixía o seu recato e o seu decoro. Non era d'esperar que todos os que soupesen que estaba en relaciós co escribente do Provisorato e a visen parolar con outro home, habrían de facer moitos esforzos para xustificala e disculpal-a sua conduta. Mais, deste temor e deste escúpulo, tampouco tardou en verse libre, porque, despois desto, Gonçalvo non volveu sinon duas veces á a sua casa.

RINDEUSE CATALINA

Cando volveu ao outro día, próugolle moito o ver o tranquilada que estaba Catuxa, asperando que a filla acabase de perpararlle unhas sopas de pan de centeo con dourado botiro, que Taresa sacaba de un d'aqueles pucheiros que antes trajían da montaña, o cal ela tiña colgado pol-a baraza na perilla do respaldo d'un tabolete. Tivo aquelo por sinal, de que nay e filla fixeran de veral-as paces, e de que, pol-o consiguente, os seus consellos e amoestacións non foran en balde. Non creyeu, pol-o tanto, prudente volver pol-o conto; e, dándoo xa por feito, pensou que podía dar un paso máis no seu intento.

Despois das saúdes de costume e d'algunhas chungas que, como de cote, lle dirixeu á Catalina:

—Quén como ti, miña tecedeira, —dixo— que tes quen che prepare unhas sopas, que nin mellores se poden presentar ao Rey d'España.

—Tampouco lle ten outros rompedeiros de cabeza —contestou ela.

—E vamos á ver, xa que estamos aquí os tres soilos, e anque me chames entremetido ¿cándo pensas colocar á a tua pícara?

—¡Ay, señor, si todol-os entremetidos foran como sua mercé! No de querer colocar á miña filla, eu xa llo teño dito bastante. Quen se ha de casar ha de ser ela, e así, que o pense ben; que, pol-a miña parte, non lle hey de abrir máis boca; si ben o fixo, así o terá.

—Pois onde ti non chegues, hey de chegar eu, si Dios me axuda, e ti eres conforme.

—¿E qué mal me pode vir á min de conformarme co que me mande sua mercé? ¡Mal pocado! Sempre, señor, pensey que sua mercé era unha das boas almas qu'había en Santiago, pero nunca maxiney que a sua bondá poidese baixarse á tanto de vir á luxarse neste pardiñeiro, pra consolar á unha muller tan cativa como eu. ¡Queira noso Señoriño que tantas pisadas como sua mercé por min dou, sean outros tantos ánxeles que o coroen de groria!

Retirouse o Sr. Rodrigo, algo comovido, e deixou pra outro día o dar e concertar o último golpe, que era porpoñer o casamento de Taresa con Rodrigo Abril. Douno, nafeuto, na pirmeira visita que fixo; e Catuxa, que cada vez iba caendo máis na conta de que non tiña motivo pra non poñerse de todo en todo nas mans do Sr. Rodrigo, non repunou nada. O que d'aquela se concertou, foy o siguente: A Rodrigo, habería com'uns tres meses que lle morrera a nay, de modo que quedara él soilo cas suas hirmanciñas; pois ben, o de Bendaña ofreceuse á levar de criada a máis vella; a outra viría pr'a casa con Rodrigo, pra deprender o oficio de tecedeira e axudar á Taresa nas suas labores. O casamento celebraríase despois de Páscoa, e o Sr. Rodrigo avisou moy serio que non quiría que se buscase padriño, que o quiría ser él, e, pol-o tanto, pagar todol-os gastos da festa; e ainda iñideu máis, que lle quería regalar á Catalina un vestido novo, pra que o estrenase o día da boda.

A mesma Catalina ao ver tanta xenerosidá e desprendemento, non pudo conterse, e, erguendo aos maos, como abrayada, escramou con voz comovida:

—¿E quén son eu, señor, pra que sua mercé me queira trajer así no peneiriño? ¿E quén é esta ninguén, pra que sua mercé así a queira regalar e agasallar como si fora sua filla? ¿Cándo lle podrei pagar o que por min fixo e está facendo? ¡Ay, señor, anque fose arrastro bicando as suas pisadas, nunca lle podría dar as gracias que debo!

En canto á Taresa, que hastra estonces estivera calada e como estáutica, de repente, como si fora movida por un resorte, por moito tempo contido, e á quen de pronto soltasen, botouse aos pes do señor Rodrigo, e abrazada á as suas rodillas, do modo que lle deixaba falar o afogamento que sintía no peito:

—¿E por qué, señor, nos queredes facer tanto ben? —dixo— ¿Por qué sua mercé é tan boo, que así nos queira honrar e favorecer?

—Cala, rapaza, —díxolle él, entenrecido, e exudándoa á levantar— que de moito máis me eres ti dina.

Fíxose, pois, o casameuto o 16 d'Abril, na igresa de Santa María do Camiño.

Asisteu, com'é d'adoito en taes casos, unha boa runfla de xente, e, xa se sabe, asisteu o Sr. de Bendaña, que iba máis empavesado, que parecía un correxidor; e fórao á buscar Rodrigo pra iren despois xuntos á a igresia. Asisteu tamén, co seu vestido novo, a mesma Catuxa, que fora arrichando e parecía que remocecera, e canto máis, que, nin por canto, quería ceder así á dous por tres o cargo de madriña.

Tanto Taresa como Rodrigo estrenaron tamén aquel día vestidos novos, que lles regalara o señor de Bendaña. Ela levaba unha saya de rica valancina e unha mantilla tendida pol-o corpo abaixo, e soilo preno hombreiro esquerdo. Lucía ao redor da garganta unhas contas feitas de ambra, á modo de avelás, con unha medalla no medio, cas cales contas xa se casara sua aboa materna, e das que se dicía, anque non se sabía pol-o certo, que foran obradas pol-o famoso ourivez de Santiago, Xan da Viña.

Acabada a cirimonia da igresia, saíron todos pra a casa de Catuxa. Os parentes e amigos e viciños iban diante; os dous noivos iban detrás antr'os padriños. A xente que encontraban, parábase ao velos, como sucede sempre nestes casos.

—¡Vaya unha parexa máis igual! —dicían algúns dos que pasaban— ¡nin que fosen feitos ao trinque!

—Si guapo é ún, o outro non é menos —dicían outros—. Parecen duas estrelas que caeron xuntas do ceo.

A a hora do mediodía púxose a mesa con mantees labrados de gusano, e todo o demáis sirvicio que viñera da casa do Sr. Rodrigo, o cal mandou tamén dous grandes cabirtos asados ao espeto, lacoos, pes, peteiros, cachuchas e outras miudencias, e duas olas de viño do Ribeiro. Él non asisteu á a comida, pra deixalos máis á as suas anchas; pero mandou ao seu maordomo.

Anque había estonces unha Premática dos Reis Católicos, en que se marcaba o númaro dos que podían asistir aos casamentos, misas novas e outras festas somellantes, non por eso a xente se mataba moito por complila. Ao casamento de Rodrigo e de Taresa, e eso que os probes ¡mal pocado! non pudían botar moito por ela, asisteu ainda un boo fato, máis do que consintían as leises. Asistiron as duas hirmás e un primo de Rodrigo, que era ferreiro, oficial do mestre Guillén, outro parente que era criado do bordador Gaspar Argüello, un moy amigo seu que tamén era escribente, outro amigo, de oficio pintor, e algúns viciños dos máis chegados. Pol-a parte de Taresa asistiron tamén todol-os seus parentes e os viciños do pe da porta, e algunhas que xa eran amigas de Catuxa desde a sua mocidá.

Sentouse á a cabeceira da mesa Catuxa, que tiña á a sua dreita á Rodrigo e á a esquerda á Taresa. O maordomo do señor de Bendaña, que fixo o oficio de acomodador, sentouse á a dreita de Rodrigo. Os demáis abancáronse como poideron; e o que máis e o que menos, dou ben á entender que a dentamia tíñaa ben disposta. Viñan as fontes á a mesa, e todos, co coitelo nunha man e a culler noutra, metíanse á ta-

llar na carne, ou no que fose, como si tiveran algunha empencha con aquel inocente condumio. Non respetaban máis os pichées, que parecía que tiñan medo de que se avalorecesen, á xuzgar pol-o continuo meneo en que os trajían. Ninguén, por eso, se esqueceu de separar a sua ración pra mandarlle aos probes do antigo hespitaliño de San Miguel, que estaba preto da igresia de Santa María do Camiño.

A Catuxa caíalle a baba e tamén as bágoas, por ver tan honrada á a sua filla. Ela que, como sabemos, era unha pistraca, aquel día deixábase querere, e daba ben á entender que non lle pesaba que lle rogasen e porfiasen. O cal, á decir verdá, facían de moy boa gana tanto Taresa, como o mesmo Rodrigo; porque anque nun principio Catuxa o miraba un pouco de través, ao último, xa lle poñía tan boa cara, como si sempre lle entrara pol-o ollo dereito.

A festa, como é de supoñer. acabouse á boa hora; e da mesa erguéronse todos, non pouco ledos e baralladores, e algúns, non sey si diga con tal cal peliño; pero, cada ún, por eso, tivo o seu comprimento e sua noraboa para os noivos e máis pra a nay, a cal á todos dispideu con moy boas e corteses palabras.

E desde'aquel día, a tristura, a manenconía e a desconcordia, que soían reinar naquela casa, trocáronse en boa paz e tranquilidá, e na máis rayosa ventura.

En canto á Rodrigo, foy tal á comoción que sufreu o seu peito, foy tal o batideiro que de repente se armou no seu corazón, xa medio seco e desgustiado, que naqueles días andaba como parvo, e sin poderse dar razón do que lle pasaba.

—¡Será posibre! —escramaba él, á as veces, entre sí— ¡será posibre que tanta dicha estivese gardada pra min, pra min que hastra agora poido decir que apenas supen o que era ver cumprido un deseyo! ¡Pra min que hastra agora apenas toquei cousa que non se me volvese serpe ou basalisco! ¡Pra min que nunca amañeceu día, que no-me trouxese novos motivos d'africión! ¡Pra min que sempre me sigueu como espantabre sombra a desgracia e a negra amargura! ¡Pra min que apenas conocín outro leito que o da door!

¡Será posibre que sea realidá esto que estou soñando! ¡Será posibre —continuaba él, cada vez con máis fogo— que poida ao fin chamar miña á aquela Taresa que foy sempre o soño engañoso da miña vida; á aquela Taresa, a imaxe da cal bulígame no seo como un feitizo de cote inquieto, e de cote escapándome! ¡A aquela Taresa que todos

se conxuraron para arrabatarma! ¡A aquela Taresa contra a cal eu mismo cospirei, percurando dispidila do rincón máis fondo do meu peito, anque esto me costase arrincar con ela o miolo das miñas entrañas!

¡Ay, Señor —concruía, dando á a cabeza— can certo é que os que en Vos asperan non se verán pra sempre confundidos!

INDICE

PÁXINA

INTRODUCCIÓN ... 9

TABOA CRONOLÓXICA BIOBIBLIOGRAFICA ... 15

UN AVISO AO BONDOSO LEUTOR ... 21

O NIÑO DE POMBAS

En Donsión ... 29
Leria na cuciña ... 35
Boda ... 41

O CASTELO DE PAMBRE

Sacreto ... 51
A embaixada de Fernán Vázquez ... 59
Engademento á a leenda ... 65

A TECEDEIRA DE BONAVAL

Un consello ... 77
Taresa ... 83
Rendéuse Catalina ... 89

INDICE

PÁXINA

INTRODUCCIÓN ... 9

TÁBOA CRONOLÓXICA BIOBIBLIOGRÁFICA ... 15

UN AVISO AO BONDOSO LECTOR ... 21

O NINO DE POMBAS

En Dantón ... 29
Lerfa na cuciña ... 35
Boda ... 41

O CASTELO DE RAMBRE

Sarreio ... 51
A cunbiazada de Fermín Vázquez ... 59
Engadamento á a lenda ... 65

A TRECEDEIRÁ DE BONAVAL

Un consello ... 77
Tarrea ... 83
Rendoas Catalás ... 89

Esta publicación foi xenerosamente
costeada polo Excmo. Concello de
Santiago de Compostela

REAL A
GAL
A CO
30

ACADE
LEGA
CORUÑ
38